

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de xullo de 2005**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro xoves, 28 de xullo de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 7/05, correspondente á sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.264 á nº 13.188, de 2005.
- 3.- Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario de agosto.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.- Expediente de modificación de créditos núm. 2/05, de modificación das subvencións nominativas recollidas na base 47ª de Execución do orzamento provincial do exercicio 2005, e do Plan económico-financeiro de estabilidade orzamentaria de aprobación polo Pleno da Deputación.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 5.- Aprobación do Programa de rede viaria local adicional 1/2005

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 6.- Aprobación do proxecto modificado nº 2 do de rehabilitación do Teatro Colón.
- 7.- Aprobación da programación –marco de investimentos provinciais 2005-2006.
- 8.- Aprobación das bases reguladoras do Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006.
- 9.- Aprobación das bases reguladoras do Plan de grandes cidades 2005.
- 10.- Aprobación das bases reguladoras do Plan de investimentos locais 2005.
- 11.- Validación de actuacións e liquidación do Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular.

Infraestruturas viarias: Vías e Obras provinciais

12.- Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto da EP 3802 Ordes á Ponte Carreira, P.K. 17 a P.K. 17,16 (Plan de travesías 2005, 1ª fase).

13.- Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto modificado da travesía de Arnados a Razo 2ª fase. (Plan de travesías 2004, 1ª fase).

14.- Aprobación provisional da 1ª fase do Plan de travesías 2005 (2ª relación), e solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto da EP 0810 Guiliade a Guísamo, PK 0,97 ao PK 1,67 Betanzos. (Plan de travesías 2005, 1ª fase).

15.- Aprobación provisional da 4ª fase do Plan de travesías 2005, e solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto da EP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío, PK 0,000 ao 3,120 (Plan de travesías 2005, 4ª Fase).

16.- Aprobación provisional da 2ª relación da 3ª fase do Plan de travesías 2005.

17.- Rectificación de corrección de erros materiais no importe do orzamento de contrata da obra “Proxecto de seguridade viaria na EP 1706 O Temple a Cambre” (Pleno 26-5-05).

18.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2005 4ª fase.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, N° 7/05, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 30 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, n° 7/05, correspondente á sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N° 11.264 Á N° 13.188, DE 2005.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n° 11.264 á n° 13.188, de 2005.

3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE AGOSTO.

Ratifícase por unanimidade a inclusión na orde do día e, tamén por unanimidade, adóptase o seguinte acordo:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada

preparación dos asuntos que se terían que someter ó Pleno na data prefixada do día 25 de agosto.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 17 de setembro de 2004,

PROPONLLE Ó PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó oitavo mes de 2005 celebrarase o día 16 de setembro, venres, a partir das doce horas”.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/05, DE MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 47ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2005, E DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DE APROBACIÓN POLO PLENO DA DEPUTACIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Antes de dar a palabra aos voceiros dos grupos, gustárame que corrixisen un erro material que se produciu aquí. No tema das subvencións nominativas, no Concello de Boqueixón, onde pon “Edar en Sergude”, é “Ampliación de colectores xerais de saneamento en Sergude”. Este é un proxecto que vén do POL e se equivocaron ao pór o enunciado, é a mesma cantidade no mesmo sitio, pero non é “Edar en Sergude”, é “Ampliación de colectores xerais de saneamento en Sergude”, entón entendemos que con isto queda corrixido este erro.

Ten a palabra o Sr. Lagares.

Sr. Lagares Pérez

Imos debater neste punto o Expediente de modificación de créditos nº 2, correspondente ao exercicio 2005 e podemos dicir que, en canto á forma, contén todos os documentos que marca a Lei de facendas locais e demais concordantes, polo cal, o noso agradecemento ao arduo traballo que desenvolveron os funcionarios durante estes días, da área económica e das distintas áreas, que indubidabelmente hai que sabelo valorar. E en canto ao fondo da cuestión, podemos dicir, como xa iniciabamos a intervención no pasado Pleno do 16 de xuño, que este é un Pleno, tamén, onde se fai política con maiúsculas, política con maiúsculas porque se despois dos acordos alcanzados nas transaccións e nos convenios coa Xunta de Galicia e con distintas Consellarías, hoxe vaise plasmar en aplicacións económicas que van reverter nos 94 concellos da provincia.

Indubidabelmente este é un Pleno histórico que marca unha pauta deste equipo de goberno, de facer a Deputación obxectiva, cooperadora cos concellos e baseándose no principio fundamental da solidariedade.

A realidade é que non só imos aprobar un Expediente de modificación de créditos, senón que tamén imos modificar unhas bases, a base 47, concretamente dúas subvencións, vanse incrementar distintas subvencións nominativas que están recollidas tamén no ditame, e un proxecto económico financeiro para cumprir a Lei de estabilidade orzamentaria. Todo iso irémolo debullando nesta primeira intervención, ao longo dela, o que veño de dicir.

O total do Expediente de modificación de créditos é preto de 48 millóns de euros, e o seu financiamento vén por tres camiños distintos, por remanentes de Tesouraría para gastos xerais, con algo máis de 30 millóns, as baixas por anulación, que é unha pequena cantidade, son só 125.000 euros, e por último un empréstimo de 17 millóns e medio, ao cal nos referiremos tamén en profundidade dado que se trata dun crédito ponte que no mesmo ditame, concretamente na base 3, se asume o compromiso da súa cancelación, facendo fincapé de que vai ser co remanente de Tesouraría de libre disposición con cargo ao exercicio 2005 e que aparece este compromiso xa concreto e claro como un proxecto económico financeiro ao que se refire o artigo 22 da Lei 18/2001, da Lei de estabilidade orzamentaria.

No Pleno extraordinario do 16 de xuño, ao cal me refería, adoptamos unha serie de acordos que agora imos materializar en investimentos en todos os concellos da provincia. Antes da sinatura das transaccións e dos convenios, que hai que facelo coas Consellarías de Economía e Facenda, de Sanidade e de Benestar Social, e as economías incorporaranse, xa se fixeron, ou vanse facer, previsións de investimentos sanitarios por valor de 19 millóns de euros, e neste momento, no momento en que se reciban estas economías, a Deputación, como dicía con anterioridade, vai aprobar un crédito ponte onde se vai facer efectivo para aboar, se así se precisa, pensamos que non vai ocorrer, estas economías con cargo aos distintos investimentos dos concellos da provincia. Se non, co remanente de Tesouraría líquido e de libre disposición do exercicio 2005, que aprobaremos no ano 2006, cumprírase este obxectivo. Polo tanto, está con isto cuberto debidamente o proxecto económico financeiro a que se refire a Lei de estabilidade orzamentaria.

Desde o punto de vista xa un pouquiño máis político, digamos que este é un expediente investidor e externo, nel teñen participación todos os concellos da provincia, con base á cooperación e á solidariedade, o cal redundará en distintas melloras, en distintos servizos, en distintas actuacións, que se van desenvolver ao longo e ancho da provincia para alcanzar un mellor nivel de vida dos cidadáns, e como non, fomentar o emprego.

O 97,96% deste expediente vai dirixido a investimentos e transferencias, case digamos que hai unha pequena cantidade, un 2,04, é a única partida que vai destinada a outros mesteres, por iso dicía ao inicio da miña intervención que estamos ante unha aprobación de algo histórico neste Pleno provincial, penso que nos anos de democracia e polo menos nos que este deputado forma parte desta Corporación, non aprobamos un Plan desta forma e deste importe, e coa distribución, coidamos, equitativa e solidaria de cara aos concellos.

Esmiucemos un pouquiño cales son estas transferencias, comecemos polas transferencias correntes nas cales este equipo de goberno establece unha colaboración co Colexio de Arquitectos en asistencia técnica a pequenos concellos da provincia por unha contía de 45.000 euros. Finánciase unha ampliación dos grupos municipais de intervención rápida, os GMIR, cunha cantidade de 70.000 euros; para socorrismo e limpeza de praias supleméntanse 190.000 euros e igualmente políticas de igualdade de xénero, no apartado de servizos sociais e proxectos singulares de innovación educativa e normalización lingüística, reciben respectivamente algo máis de 145.000 euros e 300.000.

Xa dentro dos apartados onde están, digamos, o centro neurálxico do Expediente, os investimentos propios e as transferencias de capital a concellos, digamos que a partida máis voluminosa en investimentos propios vai dirixida ao Proxecto de Travesías que se fará en distintas travesías provinciais, en distintos concellos da provincia, onde se recolle unha inversión de tres millóns e medio de euros. A accesibilidade e aparcamento para minusválidos, a súa adaptación no Colexio da Milagrosa, merece unha cantidade tamén respectábel, algo maior de 104.000 euros, e tamén se suplementan para adaptación de supresión de barreiras á normativa actual no centro asistencial Emilio Romay, unha cantidade de 230.447 euros. Destacaríamos tamén a liquidación de obra do Centro das Artes, o Centro das Artes que foi planificado polo equipo de goberno anterior, que se conta que estea acabado a finais deste ano ou principios do próximo, necesita algo máis de millón e medio para a súa liquidación, para os equipamentos, mobiliarios e para facer a urbanización da praza das Artes, amén dun parque público necesario para as persoas que asistan aos distintos eventos que alí se celebren.

E, xa por último, destaco como partidas importantes, todas cualitativamente son importantes, estou a falar das que cuantitativamente teñen unha influencia máis notoria, hai distintas liquidacións, distintos reformados, en plans de deportes, de equipamentos, de lecer, no programa operativo local, que superan os 400.000 euros. Digamos que o centro, o plan estrela deste expediente, son indubidabelmente as partidas dirixidas aos concellos da provincia. Isto vaise levar a través dun programa marco de investimentos provinciais, que vai ser bianual, vai ter a duración do ano 2005 e do ano 2006, e ao longo deste Pleno iremos debatendo as súas distintas bases, que indubidabelmente xa coñecen a través das comisións informativas, as señoras e os señores deputados.

Quero destacar que, en primeiro lugar, este proxecto 2005-2006 vai ter unha contía preto dos 27 millóns e diversifícase en catro apartados: en primeiro lugar, Plan de piscinas cubertas climatizadas en concellos de máis de 10.000 habitantes, que será un plan bianual, 2005-2006, e que no corrente exercicio, afecta a tres concellos, leva a cantidade de 900.000 euros. Existe por primeira vez nesta institución provincial un Plan de grandes cidades, un Plan de grandes cidades da provincia que, como sabemos, son as cidades da Coruña, Santiago e Ferrol, para o cal se distribúen dous millóns de euros á Coruña e un millón de euros a Santiago e Ferrol, respectivamente.

A terceira pata deste banco fórmana uns investimentos singulares que afectan a un total de dez concellos, e que teñen unhas características singulares e propias, que levan que se saia do marco do Plan xeral. Estes catro millóns e medio de euros tamén forman parte do bienio 2005-2006.

E xa, por último, os 78 concellos restantes van participar no Plan de investimentos locais 2005, baseándose nos criterios do 5% de cota fixa, 15% de esforzo fiscal, 10% de superficie e 70% de poboación. O equipo de goberno considera que estes parámetros son os máis adecuados, primando onde existen maior número de habitantes, primando a poboación, e primando tamén, como non, o esforzo que está a facer esta poboación no pagamento dos seus impostos.

Todo iso complementábase, nestas transferencias de capital, o apartado, como dicía antes, o máis importante, con tres programas singulares de financiamento de infraestruturas cultural, de tipo deportivo, ou de acción comunitaria, é dicir, investimentos en pequenas infraestruturas, como saneamentos, traída de augas, beirarrúas, ou o que consideren os concellos oportuno, e que a través das bases que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, sentenciarase a través dos baremos correspondentes cal é a distribución destas subvencións. Neste momento as contías globais son para infraestrutura cultural, 2.200.000 euros, igual que para infraestrutura deportiva, e para acción comunitaria, 1.750.000 euros.

Xa vou acabando esta primeira intervención, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, non sen antes sacar unhas breves conclusións. Este equipo de goberno considera que este plan é un plan, este plan digamos único, con distintas pólas, que parte todo dunha mesma árbore, que é un plan que marca unha historia nesta Deputación, é un plan investidor, é un plan externo, é un plan que practicamente o cen por cen vai destinado a investimentos ou a transferencias, fundamentalmente a concellos da provincia, e a investimentos propios da Deputación. Vaise tratar de mellorar a calidade de vida dos servizos dos cidadáns dos 94 concellos e fomentar o emprego, baseándose na cooperación e a solidariedade, vén a reafirmar que esta institución segue e seguirá sendo o concello de concellos, e isto vai marcar, indico, seguir facendo política con maiúsculas, e seguir gastando menos para facer máis e mellor.

Eu espero a valoración positiva do grupo popular deste Expediente de modificación de créditos. Nada máis de momento e moitas grazas.

Sra. Cea Vázquez

O grupo provincial do BNG tamén quere comentar e valorar este segundo recoñecemento extraxudicial de créditos, porque o Pleno que celebramos hoxe, a pesar de ser ordinario, podemos cualificalo de extraordinario, debido á elevada cantidade de diñeiro que imos aprobar, case 48 millóns de euros, unha cifra que por si soa dá idea da importancia desta sesión.

En primeiro lugar habería que destacar destes case 48 millóns de euros unha partida de 17 millóns e medio a repartir entre os 78 concellos da provincia, dentro dun plan especial, que xa explicou o Sr. Lagares, que servirá para transformar estes recursos públicos en obras e novas infraestruturas, un importante plan que contribuirá, en definitiva, a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas dos concellos coruñeses, e sen dúbida ningunha tamén haberá máis benestar na provincia grazas á construción de cinco piscinas climatizadas, varios centros socioculturais, unha casa de cultura, o saneamento dun polígono industrial, ou as axudas para a agricultura ecolóxica, sen nos esquecer dos tres millóns e medio de euros destinados a mellorar as travesías, que xa se fixo mención. Ademais, as tres grandes cidades da provincia, A Coruña, Ferrol e Santiago, disporán de 4 millóns de euros, ao que temos que engadir convenios con 10 concellos que farán realidade importantes obras.

Pero todo isto do que estamos a falar non sería posíbel se este equipo de goberno non chegase a acordos coa Xunta de Galicia, despois de trece longos anos agardando por unha solución, fomos capaces de desbloquear unha situación que claramente prexudicaba a toda a provincia, pois non permitía facer uso de 6.500 millóns das antigas pesetas. Estamos, polo tanto, moi satisfeitos de poder darlle sentido aos 3.000 millóns de pesetas que lle correspondían a esta Deputación e que até este momento carecían de destino, agora serán os 94 concellos desta provincia, os beneficiarios do que aprobemos hoxe. Xa o voceiro do grupo socialista, o Sr. Lagares, explicou e valorou atinadamente o contido deste Pleno, pero en nome do meu grupo quero destacar tres aspectos que merecen especial atención.

En primeiro lugar, para nós é moi importante, para este equipo de goberno, a promoción económica dos sectores primarios, agricultura, gandería e pesca, non esquecemos que son sectores fundamentais para a provincia, e por iso este ano houbo, por primeira vez, subvencións para entidades agrarias e unha partida de 800.000 euros para confrarías de pescadores, pero isto que xa aparecía recollido nos orzamentos de 2005 complétase agora con dúas iniciativas máis que, sen dúbida ningunha, serán de proveito para o sector. Trátase dunha partida de 240.000 euros para catro sindicatos, que servirá para a formación de traballadores do mar, e doutra de 213.000 euros para levar adiante un programa de agricultura sostíbel nos concellos de Ames, Rois e Dodro.

En segundo lugar, queremos destacar tamén a importancia dos proxectos de normalización lingüística recollidos neste expediente. Estoume a referir a unha partida de 300.000 euros para proxectos singulares, culturais e educativos, onde terán cabida aquelas iniciativas decididamente orientadas á defensa e promoción da nosa lingua, que está a sufrir un grave retroceso nos últimos anos, situación recoñecida en todos os estudos que se fixeron, e que sempre será motivo de preocupación para o grupo provincial do BNG.

Queremos destacar tamén, neste punto, dous importantes convenios que se van asinar coa Asociación de Escritores en Lingua Galega e coa Biblioteca Virtual Galega. A primeira Asociación terá 30.000 euros para crear un centro de documentación sobre escritores en lingua galega, que terá por misión recoller, conservar e pór a disposición dos investigadores e persoas interesadas, a obra, crítica e todo tipo de documentos sobre escritores galegos vivos, pero ademais, esta Deputación quere apoiar a Biblioteca Virtual Galega que é un proxecto nacido dentro da Universidade da Coruña e onde os escritos e a información sobre o patrimonio literario galego son presentados nunha páxina web. É necesario lembrar que a Biblioteca Virtual Galega recibiu máis de 500.000 visitas nos seus dous anos de existencia, consideramos, polo tanto, que a Biblioteca Virtual Galega é un medio óptimo para a difusión da lingua e a literatura galegas e do noso patrimonio cultural, por ese motivo destinamos 60.000 euros para este fin.

E en terceiro lugar, aínda que as deixe para o final, non son menos importantes as numerosas iniciativas na área de Servizos Sociais, que paso a relatar, coido que é necesario analizalas con detemento. En liñas xerais inclúen desde un novo vehículo para o Fogar Infantil de Ferrol até melloras na accesibilidade e nos aparcamentos para minusválidos do Fogar Xuvenil A Milagrosa, pasando por unha partida de 100.000 euros, por exemplo, para prevención de toxicomanías; pero ademais disto hai outros tres programas dentro da área de Servizos Sociais de grande interese para toda a provincia, que temos moito interese en detallar. En primeiro lugar, estamos a falar dunha partida de 400.000 euros para proxectos integrais de accesibilidade na provincia. Neste apartado é necesario explicar que é intención desta Deputación adherirse ao convenio asinado o ano pasado entre o Inerso e a Once para o desenvolvemento dun programa de accesibilidade universal. Temos moi claro que a política social dirixida ao colectivo de persoas con discapacidades, ten que constituír unha das prioridades dos gobernos das diferentes administracións públicas e, por suposto, será unha reivindicación constante deste goberno provincial no seu traballo a favor da igualdade de oportunidades e a non discriminación en todos os ámbitos. É a nosa obriga traballar neste campo para dar cumprimento así á Lei 51/2003 do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

En segundo lugar, temos neste Expediente unha partida de 680.000 euros para equipamento de centros de minusválidos. Este goberno provincial ten moi claro que goberna para todos e cada un dos coruñeses, e dunha forma moi especial para ese 8%

de discapacitados que temos na nosa provincia, e cando digo un 8% estoume a referir a 85.000 persoas que sofren algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, e desgraciadamente só 1.250 deles poden ser atendidos nos 40 centros de discapacitados que hai na nosa provincia. Esta partida, como digo, de 680.000 euros para a mellora dos centros para minusválidos que aparece neste segundo expediente, é un reflexo da funda preocupación que provocan os citados datos neste equipo de goberno.

E en terceiro lugar, destacar tamén os 600.000 euros para equipamento na atención de maiores e discapacitados, principalmente para os Centros de Día. Debemos ter presente que a nosa sociedade está cada vez máis envellecida e que o colectivo da terceira idade representa xa o 20% da poboación total do noso país. Os Centros de Día, para atender esta parte tan importante de poboación, deben ser, xa que logo, un obxectivo prioritario da área de servizos sociais desta Deputación, sobre todo se temos en conta que só hai once en toda a provincia, un da Xunta de Galicia, un municipal e nove privados.

Pois ben, estes que veño de enumerar, son algúns dos aspectos que queríamos destacar deste segundo expediente. Esperamos agora contar co apoio dos tres grupos da cámara para os sacar adiante, pois sería unha boa forma de celebrar un reparto tan importante para esta provincia. Pensamos que hoxe é un gran día para os 94 concellos da Coruña, pois todos eles, despois da celebración deste Pleno poderán pór en marcha e facer realidade moitas obras e proxectos necesarios que até hoxe estaban gardados nun caixón por falta de financiamento. Desde o grupo do BNG na Deputación pensamos que é a nosa obriga traballar e esforzarnos polo ben da nosa provincia, pois todos e cada un dos coruñeses teñen dereito e merecen mellorar a súa calidade de vida. Este equipo de goberno está convencido de que todo o aprobado neste expediente, sen dúbida ningunha contribuirá a facer realidade esta intención. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Eu na miña intervención inicial xa adianto que no sentido intelectual da miña intervención imos agrupar, aínda que despois fagamos as votacións correspondentes, tanto o tema do expediente como o relativo a plans provinciais, porque están implicados, porque están financiados por este expediente. Vemos, efectivamente, que temos créditos extraordinarios por 25,5 millóns, suplementos de crédito por 22,3; 47.928.003,65 é un expediente, efectivamente, moi importante, no cal se financian remanentes de Tesouraría de 30 millóns, e por empréstito, empréstito transitorio como consecuencia do período intermedio de materialización dos acordos da Xunta de Galicia, de 17.500.000 euros. Eu quero aproveitar neste caso para lembrar, efectivamente, aquí falouse do goberno, eu penso que hai que falar da Xunta de Galicia tamén, do esforzo que a Xunta de Galicia fixo por chegar a un acordo e por anular un proceso de discusión xurídica que non conducía a nada, e que non beneficiaba a ninguén. Nós tentamos a mesma fórmula na lexislatura anterior, non estaban aínda maduras as cousas e despois fíxose nos mesmos termos que nós formuláramos no seu

momento, cunha característica se cadra diferencial, neste caso, que os investimentos da Xunta de Galicia, que corresponden á metade da cifra do contencioso, figuraban xa no convenio especificadas como investimentos claramente destinados a atencións sanitarias, escrupulosamente mencionadas no convenio e moi, por certo, moi gabadas por todos.

Nestes 47.928.000 euros vemos, en primeiro lugar, que hai ampliación de financiamento do Plan de piscinas cubertas en concellos de máis de 10.000 habitantes, son tres concellos, Porto do Son, Rianxo e Teo, que completan unha acción que tamén emprendera o goberno provincial do Partido Popular, que era dotar de piscinas climatizadas aos concellos de máis de 10.000 habitantes, moi ben, a nós parécenos moi ben, estamos de acordo con el e parécenos correcto.

Despois está ese Plan de grandes cidades que se pode mirar desde distintos puntos de vista, despois xa manifestaremos en concreto a nosa posición. O que si nos estraña, despois comentaremos este tema con máis amplitude, darlle o carácter de plan a unha actuación que di ao Concello de Santiago, un millón de euros, ao de Ferrol un millón e ao da Coruña, dous millóns, iso é unha asignación nominativa de créditos na que, por outra parte, se utilizan mesmo criterios de distribución máis ou menos debatíbeis, como dicir, mire vostede ata os 100.000 primeiros habitantes, un millón de euros, e polos 100.000 seguintes, outro millón máis, ben, dous millóns de euros, é a razón de que A Coruña teña dous millóns e Santiago e Ferrol, un. Son criterios, supoño, *ad hoc*, postos a dedo para dicir, ben, á Coruña temos que darlle máis, pois imos darlle o dobre, vale, moi ben, isto é un plan.

Despois vén algo que a min me produciu, e ao meu grupo, non só a min, obviamente, unha especial e curiosa pregunta. Cando se celebrou a Comisión de Plans díxose, Plan de actuación de investimentos singulares, e dixemos, que cousa máis rara, un Plan de investimentos singulares, que quere dicir isto?, insistirei sobre este tema despois, e sentíndoo polo Sr. Secretario vou considerar o meu dereito, como está na súa documentación, reproducir algunhas das intervencións do secretario no informe a este documento, porque por suposto, é a primeira vez que vemos unha aberración de lle chamar plan a actuacións singulares, tal aberración era, que figurou na Comisión de Plans como plan, e foi retirado da orde do día como plan, xa non aparece no Pleno, si figura dentro da distribución de subvencións nominativas, pero xa non aparece a aprobación deste plan, desapareceu, borrouse do mapa. Sr. Lagares, a min gustárame saber a razón, porque cando se aproba na Comisión de Plans fálase de Plan de actuación de investimentos singulares, e neste Pleno desaparece ese plan no punto da orde do día, non está. Non está, supoño, porque lles deu vergoña, deulles vergoña que lle chamásemos plan a isto, porque eu coido que cando vostedes falaban de que, vou reproducir as súas palabras, dun “Pleno histórico”, “que segue a pauta do equipo de goberno”, “distribución obxectiva”, “cooperadora cos concellos e solidaria”, tiña que dicir: e moi coidadosa cos concellos do PSOE e do BNG, porque a eles lles imos dedicar toda a nosa atención e todo o noso agarimo, iso si, algunha esmola para os concellos do PP porque se non lle damos nada, se non lle damos nada vai parecer que,

pobriños os concellos do PP!, pode dar lugar a que nun contencioso poidan anularnos toda esta distribución. E así vemos que ese pseudo plan, desaparecido xa no Pleno, de investimentos singulares, figura o Concello de Boiro, o Concello de Bergondo, o Concello de Cambre, o Concello da Capela, o Concello de Laxe, o Concello de Rois e o Concello de Cariño. Despois temos, Ares, Mugardos, piscina, Boqueixón, esa é a Edar famosa. Eu coído que para os concellos do PP deben estar da orde dos 700.000 euros e para os concellos do PSOE 6.900.000, esta é unha distribución equitativa para os concellos, concepto de actuación singulares marca PSOE-BNG, co 90% para os concellos do PSOE e BNG e unha esmola para dous concellos do PP, Ares-Mugardos, a Ares tocaralle a metade da piscina, supoño que media piscina en Ares e a outra metade estará en Mugardos, entón 300.000 aí e para o Concello de Boqueixón son 455.000, é dicir 755.000 euros, sendo xenerosos, e pensando que a piscina ao final, ao mellor, está en Ares, e 6.963.000 euros para os concellos do PSOE e do BNG, e vostedes chámanlle a isto distribución obxectiva e solidaria, e enriba chámanlle un plan, e as actuacións que están aí son de todo tipo, marcadas co dedo, unha é unha piscina, outra un centro sociocultural deportivo, outro centro sociocultural de usos múltiples, unha EDAR, unha casa da cultura, unha biblioteca, un museo, un edificio multiusos e o que redondea esa magnífica, obxectiva e solidaria distribución, unha piscina climatizada en Cariño, ¡hala!, tivo que mesmo, como veremos despois, recibir unha mención cariñosa, obviamente moi obxectiva por parte do Sr. Secretario da Deputación e por parte dos funcionarios da Comisión de Plans, porque cando ven unha piscina climatizada en Cariño con menos de 5.000 habitantes, di “mais, de que estamos a falar?, por que?”, ah, Cariño é do equipo de goberno, perdón, esa é a única razón, que me expliquen esa piscina climatizada en Cariño por onde vai, cal é a razón. Por favor, eu penso que cando se vén a un Pleno dunha Corporación hai que ter moita forza, moito rostro, en definitiva, dito así en termos moi castizos, para vir con estas cousas, que é que non se pode vir aquí así, isto é unha vergoña, porque se seguísemos este criterio teríamos que dotar de piscinas climatizadas a 40 concellos da provincia, piscinas climatizadas co custo que sexa, pequeniños, ah!, como é natural, oito concellos do PSOE e BNG e concello e medio do PP, isto está moi ben.

No Plan de investimentos locais, ampliarei despois a miña intervención, porque este si que é un tema especialmente sangrante, e xa adianto que, de verdade, señores do BNG, non os entendo, até agora nós pensamos que o BNG tiña unha determinada política, ben, podía ser aceptábel ou non, podíamos estar de acordo ou non, pero esa política era defender os intereses dos pequenos, polo menos iso dicían vostedes, os intereses dos concellos máis pobres, dos concellos máis tal, a Deputación é o concello de concellos, home, hai que tender sobre todo a isto. Pois ao revés, todos os concellos pequenos prexudicados, iso si, como veremos despois, desgraciadamente como a maioría dos concellos pequenos son do PP, tocoulles a lotería negativa, a penalización, home, por suposto, de verdade que do BNG eu non esperaba unha postura tan insolidaria, tan negativa cos pequenos concellos da provincia, realmente non entendín, terei que cambiar a miña posición sobre a súa ideoloxía e sobre a súa forma de facer política. A isto dedícanse 17.500.000 euros.

Hai subvencións nominativas, trinta subvencións nominativas, por 2.977.487 euros e créditos extraordinarios, quince créditos extraordinarios, dun millón de euros, e suplementos de crédito por 16.676.000 euros. Destes temos, suplementos de crédito, destes dezaseis millóns, subvencións a socorrismo e limpeza de praias, 190.000 euros, por certo, supoño que cando concedan esta axuda será cando as praias xa non teñan ningunha utilidade, porque estamos a falar a 31 de xullo a convocatoria e o que queiran vostedes, obviamente no mes de agosto non vai estar dispoñíbel, e será a limpeza de praias en setembro, non, en novembro, que é mellor limpar as praias en novembro coas mareas. Se vostedes queren facer unha cousa deste tipo, home, facelo antes se é posíbel, non por nada, é por puro sentido estético.

Despois hai, e referireime en especial a algún deles, uns plans que son correctos, parcialmente correctos. Pequenas obras de infraestrutura promovidas polos concellos, 1.750.000 euros, totalmente correcto o Plan de travesías, infraestruturas culturais nos concellos da provincia, Centro das Artes, Teatro Colón, pero hai suplemento para investimentos en infraestruturas deportivas singulares nos concellos da provincia, e fomento de deporte en subvencións singulares, é dicir, van facer un programa e engádenlle no título do programa a palabra singulares, despois do que estamos a ver hoxe, botádevos a tremer concellos do PP, porque como lle van chamar singulares, van pór o dedo. Polo tanto, por favor, que non se lles ocorra, porque nese caso non viremos a ese Pleno, xa llo adianto, non viremos a ese Pleno, como vostedes se atrevan a facer un plan para todos os concellos da provincia, e lle poñan a palabra “singulares”, non contén connosco, se é un plan é un plan, e non singulares, é exactamente a antítese de plan, polo tanto, moitísimo coidado con estas cousas porque xa estamos chegando a un nivel realmente preocupante.

Que estamos a ver?, que o Expediente de modificación de créditos ten unha característica. Vostedes mesturaron todo, e mesturaron todo cunha finalidade concreta, disimular unha clarisimamente sectaria e dirixida política de subvención e apoio aos concellos do PSOE e do BNG, e chámanlle como queiran. Dos 47 millóns de euros despois, con calma, poderemos facer unha análise, pero abonda nada máis ler o nome dos concellos onde hai investimentos singulares, os que remato de comentar e outros moitos, hai un anexo aquí de investimentos: Corcubión, Betanzos, Bergondo, Laxe, A Capela, Cambre, Rois, Boiro, Cariño, Mugardos, Narón, Oleiros, Malpica, ben, despois hai unha para Melide, outra para Boqueixón, aí esquecidaña, etc., etc. Vostedes están a utilizar a Deputación da forma máis sectaria que se poida concibir, e nós nunca nos atrevemos, nin se nos pasou pola cabeza, con 47 millóns de euros, facer unha cousa como a que acaban de facer vostedes, realmente é espectacular, autenticamente espectacular. E incide en cousas que rozan claramente o incumprimento da normativa legal, e voume referir a isto.

No Pleno de novembro de 2004, de aprobación inicial, subvencións nominativas foron 68, por importe de 5,3 millóns de euros. Este, que está no orzamento vixente do ano 2005, supuxo un incremento do 92% sobre as subvencións nominativas que estaban no último orzamento da Deputación do ano anterior, do que lle correspondería ao PP. Agora, se engadimos a toda isto as dúas subvencións nominativas por importe de 39.507 euros, aprobadas no Expediente de modificación de créditos nº 1 e as 38 que hai agora, de 7,5 millóns de euros, temos que neste orzamento,

engadindo ao orzamento inicial o Expediente de modificación de créditos, hai 108 subvencións nominativas por importe de 12.904.556 euros, é dicir, 2.147 millóns de euros en subvencións nominativas. Eu quero lembrar neste sentido o que o Sr. Secretario di sobre estes temas. “Neste expediente”, -e estou a reler o informe do Sr. Secretario-, “neste Expediente de modificación de créditos inclúense consignacións para facer fronte a gastos derivados de subvencións nominativas por importe de 7.563.254,04 euros. En relación con estas propostas hei de significar que unha vez que o Expediente de modificación de créditos sexa firme e executivo, deberán tramitarse os correspondentes expedientes administrativos que a teor do establecido na base 47 de execución dos orzamentos 2005, serán resoltos pola Presidencia. En todo caso, nos expedientes que se tramiten, deberán acreditarse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, dispostos na Lei xeral de subvencións para este tipo de gastos. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo ás normas de aplicación, pode exceptuarse a xeral aplicación dos principios citados, tal motivación debe incorporarse aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requirimento para a súa válida adopción.” O Sr. Secretario está a reproducir os principios básicos da Lei de subvencións de 2003, supoño que cando vostedes, entre outras, practicamente todas, teñan que xustificar esa piscina climatizada de Cariño, terán que facer malabarismos intelectuais, non sei de que tipo, para xustificar esa subvención nominativa, porque nin sequera é un plan.

Sobre todo isto, eu quería tamén, e paréceme fundamental, recoller o que fai o secretario no seu informe, e vou ler literalmente, síntoo pola extensión da miña reprodución, pero penso que é necesario. Di o Sr. Secretario, a páxina correspondente, está a falar de proxectos provinciais, di o secretario: “...Os instrumentos formalizados que recolle estas determinacións obrigatorias, son expresión da potestade planificadora da Administración, é dicir, son plans, chámasselles así ou con outro nome, e serán plans provinciais posto que a Deputación débeos conformar en tres momentos decisivos que, moi esquematicamente, posto que na realidade parecen ás veces imbricados, poden describirse así: primeiro, establecendo o marco abstracto de obxectivos, criterios e medios, en función dos fins asignados á provincia, e das directrices de coordinación que, se é o caso, sinalase a Comunidade Autónoma; segundo, recibindo as propostas e prioridades dos concellos, subsumíndoas ou encaixándoas naquel marco, remodelándoo se así é o caso; e terceiro, controlando o proceso de execución do plan para que non se aparte do previsto nos dous primeiros momentos. E a competencia – indelegable- para a aprobación dos plans provinciais é do Pleno da Deputación. Se falta o primeiro momento, o exercicio posterior das potestades administrativas deixará de ser discrecional para se converter en arbitrario ou incorrer no vicio de desvío de poder. A Deputación renunciaría a exercer as súas competencias, irrenunciábeis, por certo, especialmente de coordinación, e á función xestora de toda administración, se faltase o segundo momento. Porén, por impensábel que pareza, chegouse a propor e até nalgún caso levouse á práctica, que establecidos criterios máis ou menos obxectivos de financiamento, se distribúan os recursos económicos da Deputación entre os concellos,

fágaselles a estes en definitiva un recoñecemento de créditos exhaustivamente cuantificados, para que os destinen a fins de competencia municipal dentro da súa propia planificación autónoma, sen que a Deputación interveña máis que como máximo, para tomar nota desta situación. Semellante postura confunde os orzamentos de feito, situacións de desigualdade intermunicipal cos fins da actuación administrativa, que non consiste na compensación e indemnización, senón en asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Confunde a compartición ou concorrencia de competencias que reclama a asignación de funcións diversas das administracións intervenientes, coa exclusión dunha delas e conseguinte conversión en exclusiva da competencia municipal. Tal pretensión baleiraría de contido a competencia provincial, e faría inútil a existencia das deputacións, e se ben “ *de lege ferenda* ”, pode defenderse lexitimamente esta presentación, “ *de lege data* ” é unha sin razón xurídica por contrario ao bloque constitucional e normativo de réxime local.” A continuación menciona plans de diversas comunidades autónomas, e fala en concreto do “...artigo 36.2 da Lei de bases de réxime local, ao esixir a aprobación anual dun Plan provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal, que deberá de conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e os criterios de distribución dos fondos, e que non se esgota na aprobación formal do plan, senón que é aplicábel a todos os plans de cooperación.” E despois sinala: “...A quebra da igualdade e a previsión das actuacións discriminadas en municipios singulares, só estaría xustificada pola imposibilidade de aplicar as determinacións dos plans provinciais, tal como se caracterizaron máis arriba, índole singular ou única da materia sobre a que recae a acción proposta, urxencia na intervención administrativa, que non permite esperar a articulación de previsións comprensivas da totalidade do territorio provincial, oportunidade estrita mesmo da medida por circunstancias especialmente favorábeis á consecución de fins provinciais, etc., etc.”. E fala, a continuación, do artigo concreto, do que di o artigo 36.2 da Lei de bases de réxime local, di “...O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que, en todo caso, han de ser obxectivos e equitativos”. Menciona o informe do Servizo de Xestión de Plans, que di o mesmo, en menos profundidade, como é natural, que o informe do Sr. Secretario, e menciona en concreto este agasallo de Cariño, dicindo: “... Noutras actuacións mótvanse con certo detalle as razóns polas que se propón unha actuación excepcional, mentres que unha actuación “Piscina de Cariño”, non parece coherente co Plan de piscinas cubertas climatizadas, e coas razóns de inclusión da piscina en Ares-Mugardos, porque debería de se reforzar a motivación que explique as razóns excepcionais que xustifiquen a súa inclusión.”

Ben, nós estamos vendo aquí algo que nos parece especialmente importante, e o que estamos a ver é que vostedes, á hora de tentar xustificar unha actuación claramente sectaria, partidaria, discriminatoria, coa inmensa maioría dos concellos da provincia, inventan un conxunto de actuacións cunha característica, mire, imos dicir que tocamos todos os concellos, para 78 ímoslles dar un plan, que agora comentaremos polo miúdo, e ao resto ímoslle dar actuacións singulares, desta maneira, desta outra, por que esa separación?, porque obviamente, se seguisen os criterios dese plan, terían menos

diñeiro, entón o que fan é dicir non, ímoslle dar aos nosos , aos nosos máis bos, aos nosos máis simpáticos, aos nosos máis poderosos ímoslle dar diñeiro á parte, en maior cantidade, e despois, para os nosos pequenos imos mesturalos coas cincentas dos concellos do PP.

Que é o que nos preocupa nese plan famoso cos 17 millóns de euros que veñen do convenio coa Xunta de Galicia?, volvo reiterar o que dixen antes, no convenio coa Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia, di, isto son investimentos sanitarios, e aquí están, todos estes centros sanitarios voules dedicar este diñeiro, perfecto. Vostedes, neste Plan de investimentos locais de 17 millóns de euros, de pronto convértense en planificadores natos e fixan uns criterios de distribución, din: cota fixa, un 5%, esforzo fiscal, un 15%, superficie, un 10%, habitantes, un 70%, e parroquias, 0%. Obviamente, este plan refírese a pequenos concellos substancialmente, porque aos máis gordos, xa lles deron vostedes co dedo, “aquí tocovos a lotería a vós, e os do PP que calen, home, meteremos un deles, do PP, para que non digan que non hai ningún”. Por que este criterio de distribución?, de que manga o sacaron vostedes?, porque o único criterio que sería admisíbel sería o criterio do Plan de obras e servizos, que é un criterio nacional, admitido por todos, aplicado pola Deputación no seu plan, e iso, Sres. do BNG, é o que non entendo de vostedes. É dicir, vostedes apoian un criterio discriminatorio para os pequenos concellos, favorecendo os grandes concellos, porque o que di o Plan de obras e servizos nos criterios do plan, son de cota fixa o 10%, de esforzo fiscal o 5%, de superficie o 35%, de habitantes o 35% e de parroquias un 15%. Que fixeron vostedes? Pasar de habitantes, do 35 ao 70%, de superficie, que era un 35%, deixárono nun 10%, cota fixa, que era un 10%, o deixaron nun 5%, e parroquias puxéronlle un 0%, é dicir, todo en contra dos pequenos concellos da provincia, todo en contra, pois xa falarán vostedes nos seus concellos respectivos a ver como defenden este criterio de distribución. Por que?, fixemos un cálculo, dixemos, por que estes señores do PSOE e do BNG inventan un criterio novo, sen ningunha base intelectual, sen ningún pronunciamento científico? ah, porque isto apoia destes 78 concellos, aos concellos do PSOE e do BNG, moi sinxelo. Se se aplicasen os criterios do POS, os concellos do PP recibirían 210.000 euros de media, e os do PSOE e BNG, 267.000 euros de media, pero cos criterios que se inventan vostedes, os concellos do PP pasan a ter de media 179.000 euros, e os concellos do PSOE e BNG 335.000, perfecto, xa conseguimos outro obxectivo, co dedo, os grandes, e cun plan, os pequenos, viva o PSOE e o BNG!, esta si que podía ser a síntese deste Pleno, é así, son os números, claro, porque vostedes ao pasar co 70% a poboación, e reducir a superficie e non computar as parroquias, castigan a todos os concellos pequenos da provincia. Este é o plan do PSOE e do BNG, non é o plan da Deputación, non é un plan baseado nos principios básicos, no que está acordado, no que non hai discusión ningunha. Neste sentido, xa anuncio que nós acabamos de presentar unha proposta de emenda neste plan, dicindo que a este plan se lle apliquen os criterios do Plan de obras e servizos, e non estes criterios discriminatorios, inxustos e contrarios a intereses dos pequenos concellos da provincia.

Resumindo, lin, non quixen ler todo o informe do Sr. Secretario que, por certo, felicítooo, eu ás veces co Sr. Secretario da Deputación tiña algunha discrepancia, de vez en cando, nunca da súa capacidade xurídica, nin da súa análise dos temas, nin da súa obxectividade e independencia. En definitiva, vostedes traen aquí, abdicando da nosa responsabilidade, unhas actuacións que nin sequera direccionan, como lle corresponde á Deputación, como sinala sinxelamente o Sr. Secretario. A nosa obriga, é dicir, os intereses, para que existimos?, a min dáme a impresión de que aquí alguén se quere cargar a Deputación da Coruña, moi sinxelo, porque se abdica da nosa responsabilidade, porque a Deputación non está para recibir diñeiro cunha man e entregarlle a outros concellos sen dicir para que, para iso non fai falta a Deputación, iso dío o informe do secretario, e vía algún asentimento dalgún deputado do BNG que dicía, estou de acordo tamén, pareceume que dicía así coa cabeza, si, aquí parece que hai alguén que non quere a Deputación, porque non estamos para recibir diñeiro cunha man e entregarllo aos concellos coa outra, por riba co dedo, sen obxectividade, sen indicar obxectivos, é un “totum revolutum” como o estamos a facer aquí. Esa non é a nosa misión, a nosa misión é definir cousas que son de interese provincial, facer un proxecto obxectivo e distribuílo con criterios obxectivos entre todos os concellos, e quero lembrar que aquí, neste mesmo Pleno, hai dous Plenos, nós formulamos que, co diñeiro que se ía recibir, se fíxese un Plan de infraestrutura local, de transporte e travesías de 16.000.000 de euros, turismo do fomento da natureza, 6.000.000 e pequenas obras e subministracións a municipais, 5,6. Obxectivos concretos dirixidos a finalidades concretas de interese provincial, non se pode dicir, colle o diñeiro coa man, e que os concellos collan para o que queiran, para o Concello da Coruña, para o que lle dea a gana, sempre que sexa en investimentos, 2.000.000 de euros; para o Concello de Ferrol, 1.000.000 e para o Concello de Santiago, 1.000.000, e despois os 17 millóns xa non se sabe como. Eu convídoos a que fagan un exercicio de reflexión, por este camiño vostedes vanse converter na Deputación máis sectaria de España, levan camiño diso, cambien por favor, cambien, non nos traian cousas como esta, na que nós temos que facer un auténtico exercicio de responsabilidade, e a nosa convicción interna deberíanos dicir xa a todo isto que non, pero aí hai cousas que son obxectivas, algunha delas mencionadas pola deputada do BNG, hai cousas concretas. Por certo, quero dicirlle, Sr. Presidente, que sería bo que no orzamento do ano que vén, cando se trate de axudas ás comunidades galegas do exterior, se faga un plan específico aberto a todas as comunidades galegas do exterior, que a Deputación da Coruña teña interese, e non actuacións singulares, que estamos de acordo con elas, pero habería outras moitas que poderían atenderse. Por isto nós, tendo en conta que no Expediente de modificación de créditos, hai Plan de travesías, hai actuacións concretas, correctas, etc., etc., a nosa posición vai ser de abstención, xa llo adianto, no Expediente de modificación.

Imos votar a favor, tamén llo adianto, aínda que non está neste punto da orde do día, pero é coherente coa miña intervención, a favor das actuacións, as piscinas dos tres concellos, obviamente de máis de 20.000 habitantes e a de grandes cidades, aínda que, por suposto, non está precisamente na liña do informe do Sr. Secretario. E, votaríamos en contra do Plan de pequenas infraestruturas para os concellos, salvo que cambiasen os criterios de distribución e fose de acordo co Plan de obras e servizos, nese caso

votaríamos a favor. É dicir, témolo claro, aquí non vimos a dicir non, vimos defender os intereses dos concellos da provincia. Polo tanto, se vostedes no Plan de obras e servizos aplican eses criterios a eses 78 concellos, nós votaremos a favor tamén.

Sr. Lagares Pérez

Trataremos de que a Deputación da Coruña non sexa sectaria, nin sexa a máis sectaria de España, Sr. Rodríguez e Sres. do Partido Popular. Realmente, eu coído que aquí hai un problema de desinformación, que así o informa ben o informe do secretario, pero vostede búscalle os tres pés ao gato e realmente non é así, non é así, aquí de sectarismo nada, claridade e transparencia. E claro, como vexo que vostede non coñece a distribución que levan os 78 concellos da provincia, penso que non debería de opinar sobre iso, porque dixo falsidades, non sei se consciente ou inconscientemente. Os criterios son criterios, ao Partido Popular igual non lle gustan, este equipo de goberno quere primar máis a poboación e o esforzo fiscal, máis que as parroquias e a superficie, é que vostede quere primar máis aos montes que aos cidadáns?, que son primeiro?, os cidadáns, a poboación, ou é a superficie?, que é máis importante? o número de parroquias, o esforzo que fan os cidadáns pagando as súas taxas, os prezos públicos e os seus impostos? Claro, ese é un criterio do Partido Popular, non é un criterio deste equipo de goberno, o criterio do Plan de cooperación ás obras e servizos é unha cousa, este é un plan distinto, Sr. Rodríguez, e xa o emprazamos que cando queiran discutiremos, como así se fará, os criterios de distribución do POS, que non son criterios dogmáticos nin cerrados. Vostedes están afeitos moitas veces a actuar de forma dogmática, estámolo a ver estes días noutros foros, aquí non ocorre iso, iso trasládeo a outros foros, non o traslade á Deputación Provincial da Coruña, porque realmente o que dixo é un descoñecemento total e absoluto da realidade da distribución das economías entre os 78 concellos da provincia, porque non sabe posibelmente o que lle corresponde a cada un, que o descoñece, e claro, demagogia barata pódese facer onde se queira, pero os datos están aquí nos documentos, Sr. Rodríguez, e están nos informes, e vostede equivocou os informes e equivocou os criterios e até o ditame desta Comisión de Economía, e voullo explicar agora con moitísima calma.

Primeiro agradecer, por suposto, a intervención da compañeira voceira do Bloque Nacionalista Galego, que coincidimos na filosofía, como non!, o pacto de goberno goza dunha saúde excelente, aínda que aquí houbo algún movemento por parte do PP, coído que estamos no bo camiño e sigamos no bo camiño. Hai persoas que ao neno que vai nacer xa lle queren pór dificultades, e non é así, e hai persoas que xa queren pór os bois antes do carro, e tampouco é así, existen criterios, e cando vostede fala deste ditame, que é o que imos someter a consideración plenaria, este ditame, na miña primeira intervención xa expuxen claramente que había un Expediente de modificación de créditos, unha modificación da base 47 da Lei de acompañamento orzamentario do ano 2005, onde aparecen convenios singulares, pero vostede, de forma retorcida o que fai é falar do que lle convén, e a letra pequena non a le, pois mire, aquí hai non soamente convenios singulares co Concello de Boqueixón, de Bergondo, de Laxe, da Capela, de Cambre, de Boiro, de Rois, de Cariño, de Ares e de Mugardos, hai

máis cousas, hai con Narón, con Oleiros, con Dodro, con Ferrol, con Santiago, coa Universidade de Santiago, etc., que son subvencións nominativas, Sr. Rodríguez, e iso tamén hai que dicilo, non hai que falar o que lle convén a cada un, están recollidos perfectamente no ditame.

Non nos di que se vai facer por primeira vez nesta Deputación un Plan de investimento cultural e deportivo de 4,4 millóns de euros, que nunca houbo tal plan nesta Deputación provincial, nunca houbo tal plan, e que se van sacar as bases para o plan ou programa, chámelle como queira, e que se van executar coas baremacións correspondentes. Polo tanto, si existen bases, si se cumpre a Lei de subvencións, Sr. Rodríguez, lea ben o documento, pero voullo ler eu, non lle vou ler un informe, voulle ler a lei, non o informe, a lei, di: “...Poderán concederse”, -léoo en castelán dado que é unha lei a nivel do Estado, que alcanza tamén á autonomía-, “...Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións” –penso que xa é a quinta vez que llo leo, aínda non o asimilou-, “as previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios...”, xa non sigo, “... con carácter excepcional, aquelas outras subvencións que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”. Sr. Rodríguez, isto é o que di a lei, e o que lle traslada o interventor e o secretario no seu informe, non lle deamos voltas á nora, porque non é así, despois trasládolle, se quere, unha copia.

O que máis lamento é que diga que somos sectarios e que discriminamos aos concellos pequenos. A min gustárame facerlle preguntas en voz alta, vostede sabe o que levan os concellos do PP, do BNG, de Independentes e do PSOE?, non o sabe, sabe o que leva o Concello de Arteixo, sabe o que leva o Concello de Santiago, pero non sabe o que leva o Concello de Abegondo, o Concello de Betanzos, o Concello de Outes, o Concello de Vilarmaior, o Concello de Coirós ou o Concello de Vilasantar, está reflectido, e se non, por favor, dígame, sábeo o Sr. Torres que lle entreguei esta mañá unha copia para que tivese coñecemento do que ía recibir cada municipio. Vostede pode estar en contra dos criterios, pero hai criterios, e criterios onde priman a poboación.

Hai cousas que indubidabelmente estamos de acordo, e agradézolle a súa intervención ao valorar o convenio e as transaccións que se rematan de alcanzar coa Xunta de Galicia. É evidente que isto iniciouno o equipo de goberno anterior, non chegou a bo porto e que, indubidabelmente a Xunta de Galicia a través de tres Consellarías, a Consellaría de Sanidade, de Economía e de Benestar Social, son partícipes na sinatura destas transaccións ou dos convenios correspondentes. Indubidabelmente, para se pór de acordo dúas partes ten que haber entendemento, este entendemento logrouse e temos que aplaudilo. Como dicía a compañeira Cea, indubidabelmente hoxe é un gran día para os 94 concellos da provincia, sen discusión.

Falou despois de distintos temas, de piscinas climatizadas, da necesidade das mesmas, fixo referencia a algún concello en particular, están motivados debidamente

os concellos porque levan esas subvencións singulares, non vou relatar aquí porque é unha subvención singular A Senra, ou porque é unha subvención singular o Concello de Boqueixón, e a min non me gusta falar de cores políticas, gústame falar de concellos e de cidadáns, pero sobre todo de cidadáns, que teñen que ser os destinatarios dos orzamentos, dos servizos, das necesidades da provincia, temos que afacernos a falar así, e moitas veces os elementos que utilizamos nos repartos non poden ser cerrados, non poden ser dogmáticos, os dogmatismos e os fundamentalismos non son bos conselleiros, non nos deixemos guiar por eles, non nos deixemos guiar moitas veces por eles.

E xa citou moito que mesmo nos queriamos cargar a Deputación da Coruña, ben, iso paréceme unha barbaridade supina, eu coido que temos que ser moderados no uso da linguaxe, no uso das expresións que temos, neste caso, falo en nome do Partido de Socialistas de Galicia, PSOE, paréceme que non temos que dar ningunha explicación, o Partido Popular parece que si, parece que ten que dar algunha explicación. A explicación vailla dar o novo goberno galego de progreso, que vai facer unha Lei de coordinación das deputacións provinciais, porque hai que coordinar algunhas deputacións de Galicia onde o reparto das economías se fai como se fai, e non digo nada máis, xa se entende perfectamente o final da frase.

Esa Lei de coordinación das deputacións provinciais traerá consigo, indubidabelmente, correccións que hai que facer noutras deputacións, verá vostede como na provincia da Coruña non vai ser necesaria a Lei de coordinación porque imos estar perfectamente coordinados cos obxectivos de progreso do país galego.

E xa para ir resumindo, aínda que xa anunciou o voto particular, ou a emenda, digamos, que presentan a un dos puntos da orde do día, dicirlle que o equipo de goberno vaina rexeitar, consideramos que estes criterios que se aplican no plan de 17 millóns e medio de euros, dirixido a 78 concellos da provincia, consideramos que son obxectivos, como foi obxectivo, entendemos tamén, os investimentos en materia sanitaria que trasladou o SERGAS, a Consellaría de Sanidade, e que asumimos aquí como un elemento de traballo e que se levará a efecto. Polo tanto, non lle poñamos dificultades ao neno que vai nacer, teñamos sentido e falemos das cousas como son, non como queremos que sexan, que iso é outra cousa, igual na mente de cada un temos a cor política dos concellos. Este equipo de goberno pensa que os 94 concellos da provincia, os cidadáns deses 94 concellos, merecen este expediente e merecen que se lles dea o voto favorábel. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Bello Costa

Unha breve intervención, non se trata de resposta ao voceiro do Partido Popular, senón dalgunhas aclaracións que eu coido que no transcurso desta sesión son necesarias despois da súa intervención.

Sr. Dositeo, vostede representa ao grupo do Partido Popular, representa tamén a cidadáns de todos os concellos da provincia, e vostede hoxe foi moi desafortunado cun concello moi concreto, que é o Concello de Cariño, e teño que afearlle, en nome do Bloque Nacionalista Galego a súa intervención. Vostede sabe a situación do Concello de Cariño, sabe que pola súa situación xeográfica, polo seu emprazamento, as dificultades que ten para alcanzar determinado tipo de infraestruturas. O censo do Concello de Cariño, creo lembrar, do ano 2004, é aproximadamente de catro mil oitocentos e pico de veciños-veciñas. Comprenderá que se lle aplicamos ao Concello de Cariño a posibilidade de que entre dentro dun Plan de piscinas con 10.000 habitantes, teríamos que esperar décadas, oxalá que non, pero penso Sr. Dositeo Rodríguez, que hoxe a súa intervención foi unha intervención prexudicial, primeiro para o seu grupo, e en segundo lugar porque prexudica directamente a Cariño. Mire, eu estiven aquí repasando, e supoño que vostede tamén, na argumentación da proposta que se fai, di así: “O Concello de Cariño, mediante acordo plenario, adoptado por unanimidade de todos os grupos políticos que o integran”, polo tanto, incluído tamén o Partido Popular, incluído tamén o ex-alcalde do concello, que me gustaría que o sábado día 30, e supoño que vostede vai estar tamén o día 30, sábado, é dicir, pasado mañá, se inauguran as obras dun mercado neste concello, obras incluídas dentro da programación do POL 2000-2006, supoño que vostede asistirá, ben, ao mellor non poderá, pero se asiste, que explique alí aos veciños e veciñas de Cariño, todo o que hoxe dixo aquí da decisión ou da proposta dun goberno provincial, que non é nin dixital, o único dedo infalíbel é o de Betanzos, que é o que escoitei sempre en política, nin tampouco é ningunha cacicada, senón que é unha actuación de xustiza, de xustiza política e de xustiza constitucional. Polo tanto, polas súas alusións de defensa dos pequenos concellos do Bloque Nacionalista Galego, pois comezamos dando exemplo, sementando, e xustamente defendendo estes dereitos que me sorprende moitísimo que vostede negue, e negue ademais nesta cámara provincial, e que supoño que serán froito da súa recolección, non o entendería, xa de vostede entendo pouco, pero do resto do grupo provincial do Partido Popular. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Comezaría se cadra polo final, porque a súa intervención, Sr. Bello, ten dúas características, unha característica propia da súa estratexia como grupo político, tentando meter medo, non vaia vostede a Cariño, porque se vai vostede a Cariño vai recibir vostede a crítica de todos os veciños de Cariño, oia, mire, eu estou a defender os intereses de todos os concellos e, por suposto, a situación de Cariño non xustifica unha piscina climatizada, porque igual que Cariño hai moitísimos concellos que estarían na mesma situación, e por que Cariño si e outros non, non o presente vostede como un ataque a Cariño, é unha defensa dos intereses de todos os concellos, que son iguais a Cariño, aos cales non lles toca unha piscina climatizada. Vostede moi sectariamente, moi sectariamente, tenta convertelo nun ataque persoal a un concello, é unha defensa da obxectividade e da función que ten esta Deputación, con todos os meus respectos para os veciños de Cariño, como todos os meus respectos para os demais concellos de 4.800 habitantes, que non van ter nunca unha piscina climatizada, sobre todo se son do

PP, gobernando vostedes. Non me tente enfrontar, nin ao meu grupo, cun concello determinado, pómolo como un exemplo do que non se debe facer, nunca en contra dos veciños dese concello. E a súa amábel intervención, moi malévola, rexéitola plenamente, e como unha intervención absolutamente inadecuada, porque vostede tenta enganarnos, formulando como un ataque persoal a un concello, o que é a defensa da obxectividade desta Deputación, e temos que utilizar ese concello porque é o que vostedes poñen aí, e non xustifican para nada por que ese concello ten a piscina climatizada, e os demais concellos, nin hai ningún proxecto, nin nada, que os demais concellos do mesmo número de habitantes, e da mesma situación, poidan tela, e ese é o sentido da miña intervención, nunca ir en contra dos veciños de Cariño. Estamos obrigados a defender os intereses xerais, non os intereses singulares dun concello, e non se pode utilizar a argumentación que vostede utilizou, eu diría, desde unha perspectiva de honestidade, a min ofendeume profundamente, por suposto.

Sr. Lagares, vostede ten o costume xa habitual desde que estamos nesta Corporación de dicir, “este señor non le, non le a letra pequena, non le, non le”, pois si leo, que lle imos facer, todo o que mencionei son datos concretos de concellos beneficiados, nin tres pés ao gato, nin nada. Vostede de pronto dinos, “vostedes queren primar máis os montes que os cidadáns, queren primar máis as parroquias que os cidadáns”, oia, mire vostede, nós entendemos que a Deputación, se ten un criterio para distribuír fondos entre os concellos da provincia, por que se utiliza un criterio distinto nun plan que vai destinado á mesma finalidade?, vostede non me está a criticar a min, está a criticar ao POS, está criticando os criterios aceptados por todas as deputacións de España e por todos os gobernos, tanto do Partido Socialista, como do Partido Popular, si, o que vostede está a criticar é iso, porque vostede sácase da manga un criterio que non ten ningunha xustificación de ningún elemento comparativo con ninguén.

E despois vostede limítase a dicir demagogia barata, nós falamos de datos, falamos de concellos concretos, do que lle toca a cada un, como é natural, hai máis subvencións aí, ás cales non formulamos ningún tipo de comentario, parécenos moi ben que se lle dea diñeiro ao Arcebisado da Coruña, ou actividades de todo tipo.

Pero dime, vostedes non coñecen a distribución, oia, vostede supoño que algo de matemáticas saberá, se ten vostede 17 millóns e medio e lle dá o 70% dese diñeiro aos concellos en función dos habitantes, colle os habitantes de cada concello, distribúa fraccionalmente e xa sabe o que lle toca. E se lle dá o 35% sabe tamén, nada máis que hai que multiplicar e facer unha regra de tres proporcional, pero para –ía dicir un palabrón-, para que puntos suspensivos, necesito saber nada máis, claro que o sei, para iso fixemos os números, oia, en función da poboación, en vez dos 35, en vez do 70%, dos 17,5 millóns, deberíalle tocar o 35%, e esa diferenza, multiplicada por cada habitante, e mirando os concellos de cor, está aí, e vostedes din, hipocritamente, nós non miramos a cor política dos concellos, se o chegan a mirar quedamos sen nada, iso si, agradaríame iso, porque iso si que nos permitiría ir ao Constitucional se fose necesario, para defender os intereses de equidade e de distribución xusta que debe de ter a Deputación da Coruña. Polo tanto, claro que sabemos o que lle toca, porque

sabemos multiplicar, e mesmo conseguimos saber como se fai unha regra de tres, mire, mire que ben.

E di que eu utilizo de forma retorcida, eu lin literalmente o informe do secretario e a prescrición do interventor, que fala de que a Lei de subvencións di que as subvencións nominativas di que as subvencións nominativas teñen que ser excepcionais e plenamente xustificadas, e non están, e vostede non me dixo nada, e non me dixo nada sobre que lle avisei de que ese Plan cultural, ese Plan deportivo, que lle quiten a palabra de singulares, que sexa un Plan cultural e deportivo para os concellos da provincia de acordo con formas razoábeis.

Que máis di?, non dixo nada máis, non dixo nada máis porque volve dicir que non sei que, que as cores políticas, dos concellos, dos cidadáns, etc., etc., pero non rebateu ningunha das observacións cuantitativas que nós formulamos.

E si hai algo que si é interesante, que nós temos que xustificar. Nós defendemos a Deputación da Coruña por riba de todo, e dicimos, se seguimos co criterio de que a Deputación se limite a recibir diñeiro cunha man e darllo a outros concellos sen ningún criterio, estamos a propiciar algo que poida estar na futura Lei de coordinación das deputacións, e adiántollo agora, ímonos despachar co modelo catalán, Plan único de obras e servizos a cargo da Xunta de Galicia, e desaparece a facultade investidora da Deputación, iso é o que fixeron en Cataluña, e iso é o que estou seguro, os seus socios de goberno van procurar. Iso é o que hai que evitar. Vostede tire para adiante coa Lei de coordinación das deputacións, xa veremos en que acaba, en que acaba. Mellor deixalas como están, que están, polo menos, cumprindo unha función, ou deberían estar cumprindo unha función. Por suposto, teñan coidado con isto, porque en Cataluña xa está así desde hai moitos anos.

Polo tanto, sentido si que, por suposto, témolo que ter todos, e o sentido da nosa votación exímenos de calquera outro comentario, porque é unha votación institucional, na que desgraciadamente temos que manter o voto negativo a ese Plan de infraestruturas locais, de 17 millóns e medio de euros e, como despois comentaremos cando se poña a debate o tema, a aprobación e, se é o caso, abstención, nalgún punto concreto.

E eu acabo dicindo o mesmo que dixen anteriormente. Fagan plans obxectivos, fagan plans que non miren a que concellos benefician ou a quen non, fagan plans que afecten a todos os concellos da provincia, preocúpense dos temas substanciais que nos interesan, e non se limiten a dar diñeiro aos concellos para o que queiran, sobre todo se por riba esa distribución non se fai con criterios obxectivos. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Acabado o debate do punto número 4, e antes de o someter a votación, gustárame, utilizando a prerrogativa de presidente, facer unhas pequenas matizacións. A primeira xa se dixo aquí, pero gustárame explicitalo, é que neste Expediente de modificación de créditos, que ascende á cifra de 47.928.000 euros, dos cales se destinan o 97,96% a investimento, que é unha cifra importante, estamos facilitando que se invistan na provincia da Coruña 66.950.000 euros, porque a estes 47 millóns de euros hai que sumar os 19 millóns de euros que a Consellaría de Educación vai investir en infraestrutura sanitaria na provincia da Coruña, Consellaría de Sanidade, perdón, vai investir en infraestrutura sanitaria da provincia. E isto é froito dun acordo e, se me permite, Sr. Dositeo, non é continuar unha negociación que iniciasen vostedes, é unha negociación nova e formulada de novo. Vostedes tiveron unha reunión coa Xunta de Galicia no ano 2000, a primeiros do ano 2000, unha única reunión, e non houbo máis, onde efectivamente a Deputación formulou este tema, pero non se falou máis, nunca houbo máis reunións. Iniciáronse as negociacións o 9 de xaneiro do ano 2004, persoalmente co Sr. Presidente da Xunta, o Sr. Fraga Iribarne, e coido que foi un bo acordo para a Deputación, sobre todo se pensamos na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, publicada hai uns días, en relación a un tema similar no Concello de Vigo, no que lles obrigan a pagar e din que non hai recurso máis que de casación, para unificación de doutrina. Penso que foi un bo acordo, que sometemos a votación, e aprobouse por unanimidade, e iso vai permitir que, ademais dos 47 millóns de euros en investimento que aprobamos neste plan, se invistan 19 millóns máis en infraestrutura sanitaria na provincia da Coruña, e conseguimos ademais con este acordo algo que é fundamental, que a Xunta nos pagase as débedas que tiña connosco desde o principio dos 90, de asistencia nos Centros de Menores da Deputación da Coruña.

Gustárame tamén dicir que non teñan medo, que as deputacións non van desaparecer, a supresión das deputacións esixiría unha cambio constitucional. Eu son partidario da Lei de coordinación das deputacións, pedina eu, coordinarnos nos nosos investimentos, non ten sentido que se a Deputación ten 2.400 quilómetros de estradas, e a Xunta ten estradas e fai investimentos, por que non nos imos coordinar e facer investimentos de tal forma que as nosas estradas acaben en estradas da Xunta que estean en perfectas condicións de circulación e de seguridade viaria?, por que non nos imos coordinar ou que alguén nos coordine para que unha estrada de Betanzos ao límite da provincia acabe nun estreitamento de seis metros?, pois que a Deputación de Lugo continúe con ese investimento para ter unha boa vía de comunicación entre as dúas provincias. Eu non concibo a coordinación como subordinación, nin como tutela, nin penso que os novos gobernantes da Xunta de Galicia conciban a coordinación como subordinación e tutela, simplemente somos administracións que xestionamos fondos públicos e que temos que utilizar de forma eficaz e eficiente.

Pero, Sr. Dositeo, eu creo que o Sr. Lagares, e permítame porque é introducir un tema que non quería abrir debate, pero o Sr. Lagares ten razón cando di que non le todo, non sei se é adecuada a expresión, le, pero deixa sen ler, porque vostede xustifica

a súa alegación contra a desaparición das deputacións, hai alguén que non quere a Deputación, dicía vostede, nun informe que leu do secretario xeral, pero deixou sen ler algo, di “...Aínda prestando conformidade ao informe proposto do Servizo de Xestión de Plans sobre o asunto de referencia, esta Secretaría Xeral considera imprescindible encadrar as cuestións suscitadas na proposta dentro do sistema institucional de competencias provinciais, co fin de contribuír á correcta formación dos membros dos órganos colexiados que se deben pronunciar sobre este punto, vía ditame ou acordo”. Primeiro, neste sentido, desde hai máis dunha década, esta Secretaría Xeral veu informado, como se recolle, por exemplo, en informe do 17 de novembro de 1996, cando presidía esta casa o Sr. Lendoiro, o seguinte, e escribe textualmente o que vostede leu, entón o que vostede leu non é algo que escribise o Sr. Secretario, indubidablemente fala do tema de Cariño, introduce o tema de Cariño porque no ano 96 non pasaba iso, pero non é algo que escribise o Sr. Secretario para este Pleno, senón que é a reprodución textual dun informe do 17 de novembro do ano 96, que se veu reiterando noutros plenos da Deputación.

En relación aos criterios de distribución de fondos, di que se fai sen base, intelixencia e sen criterio científico, ben, son criterios, eu non entendo a distinción entre concellos pequenos e concellos grandes, hai concellos con máis habitantes e concellos con menos habitantes, e estes plans van dirixidos a investimentos, e a obras para os habitantes, indubidabelmente non é o mesmo un concello de 3.000 habitantes que un concello de 20.000 habitantes. Entón, pensamos que debemos de potenciar ou primar a poboación, e non a superficie, e non ten sentido manter un mesmo criterio, o mesmo peso relativo en canto á superficie que á poboación. Pódeme tamén crer que fixemos simulacións, non hai diferenzas substanciais entre un criterio e outro, este é máis xusto, non é o do POS e, por certo, o do POS non é un criterio que estean a aplicar todas as deputacións, o criterio de distribución do POS é un criterio aprobado por esta Deputación sendo eu presidente, no ano 89, que non se variou desde entón, e este é un plan singular, un plan excepcional, e aplícanse os mesmos criterios con diferentes ponderacións, porque entendemos que debemos de primar a poboación, que son os destinatarios das obras e dos servizos, e non as hectáreas, e todos os cidadáns levan o mesmo investimento por habitante. O preocupante sería que nun municipio se dese un investimento maior que outro por habitante, todos levan o mesmo.

E para rematar, non comparto a crítica, Sr. Dositeo, de que lle demos o diñeiro aos concellos para que fagan o que queiran. Eu creo que quen mellor coñece as súas necesidades son os concellos, os alcaldes e os concelleiros, e a Deputación non tutela, nin subordina, nin orienta, din: “Aquí teñen este diñeiro, vostedes coñecen as necesidades do seu territorio, fagan as obras que consideren adecuadas”, e neste sentido son plans totalmente abertos para que cada concello faga o que crea que debe facer.

E para acabar hai un, dous, tres, catro, cinco concellos que si levan unha achega fundamental, que superan os 100 millóns de pesetas, o Concello de Arteixo, o Concello de Carballo, o Concello de Culleredo, o Concello de Oleiros e o Concello de Ribeira, hai de todas as cores, e non falemos de concellos do PP e concellos do PSOE, hai

concellos con cidadáns, uns teñen 3.000, e outros teñen 20.000, e o que temos que buscar é a equidade no reparto, e entendemos neste plan que era máis equitativo primar a poboación que a superficie, entendemos que haxa outros criterios, pero ben, este é o criterio que ten o equipo de goberno e é o que informa este proxecto que sometemos a esta consideración, e estas eran as pequenas matizacións que quería facer. Brevemente, Sr. Dositeo, ten a palabra.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Breve, porque quero corresponder tamén á forma institucional que o Sr. Presidente formulou o tema, dúas observacións. A primeira é que se o informe do secretario vén reproducido desde hai tempo, a situación deste expediente é moito máis grave que outros, por unha razón, xa comentei antes, as subvencións nominativas son agora de 12 millóns de euros, suman dous mil e pico millóns de pesetas, e os criterios xerais que se seguen nesta distribución son contrarios globalmente aos criterios que sinalamos anteriormente, agás dúas pequenas excepcións. Neste sentido ten moita máis virtualidade o informe do secretario agora que tiña antes.

En canto ao tema da distribución dos créditos, cando nós falamos de parroquias, ou falamos de territorio, seguimos falando de habitantes, non se trata de primar o territorio, se trata de que un Concello que ten moita superficie, e ten moitas parroquias, ten máis necesidades para atender a eses habitantes, que un Concello que ten todo... mire, estamos a falar dos habitantes, estamos a falar que o Concello que ten diseminación ten custos máis graves de prestar servizos aos cidadáns, que o que non a ten, e neste sentido os criterios do POS son os máis razoábeis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi brevemente para lle responder que o informe do secretario é á programación marco de investimentos provinciais para o período 2005-2006, non ás subvencións nominativas. E, segundo, se colle a relación, e fai a simulación, non hai diferenzas substanciais. É indubidábel que hai uns concellos, se permiten agora que utilice a súa expresión, do PSOE que reciben máis e outros do PSOE que reciben menos, e hai outros do PP que reciben máis e outros que reciben menos, e do Bloque igual, e independentes igual, non é que con esta distribución, os concellos gobernados por unha forza política teñan un tratamento excepcional, non, uns reciben máis e outros menos, pero de todos os grupos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/05 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 47.928.003,65 euros e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios.....	25.571.796,58
SC. Suplementos de crédito.....	22.356.207,07

Total de aumentos:.....47.928.003,65

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación.....	125.000,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	30.303.003,65
P. Préstamo.....	17.500.000,00

Total de baixas:47.928.003,65

2º.- Modificación da Base 47ª de execución do Orzamento Provincial.

2º-1.- Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 47ª do Orzamento Provincial do exercicio 2005 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da lei 38/2003, Xeral de subvencións.

<u>APLIC. PRESUP.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO E FINALIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
0104/111D/462.00	Concello Corcubión	Proxecto de revalorización patrimonial.	6.000,00
0104/463C/462.00	Concello Betanzos	Centenario Centro Betanzos Bs. Aires.	50.000,00
0104/463C/489.99	Centro G.pens. e xubilados Arx.	Equipamento local social	6.000,00
0104/463C/489.99	Centro G.Betanzos Arxentina	Actividades e reparacións local social	13.000,00
0104/463C/489.99	Centro Galego Cuba	Adecuación panteóns.	30.000,00
0202/441A/762.99	Concello Boqueixón	Ampliación colectores xerais de saneamento en Sergude	455.107,54
0202/452D/762.99	Concello Bergondo	Edificio Senra	900.000,00
0202/452D/762.99	Concello de Laxe.	Creación museo do mar Costa da Morte	443.185,35
0202/452D/762.99	Concello A Capela	Biblioteca municipal	265.471,66
0202/452D/762.99	Concello Cambre	1ª Fase centro sociocultural	800.000,00
0202/452D/762.99	Concello Boiro	Centro Socio Cultural Cabo Cruz	800.000,00
0202/452D/762.99	Concello Rois	Casa da Cultura	300.000,00
0202/452D/762.99	Concello Cariño	Piscina climatizada	300.000,00
0202/452D/762.99	Concello Ares/Mugardos	Piscina climatizada	300.000,00
0305/432C/754.00	Concello Naron	Conv. IGVS,Xertur e Cons. Industria	120.000,00
0305/451D/462.00	Concello Oleiros	Feira cinematográfica.	40.000,00
0305/451D/789.99	Asoc. Paidea	Proxecto MANS.	90.000,00
0305/451H/462.00	Concello Malpica	Mostra olería de Buño.	60.000,00
0305/451L/489.99	Fund. unha Galicia Moderna	Integración laboral - Anualidade 2003	15.221,36
0305/451L/789.99	Fundación Exponav.	Feira exposición naval C. de Ferrol	60.000,00
0305/711C/489.99	CIG,UXT,CCOO e Aetinape	Accións formativas	240.000,00
0305/711E/462.00	Conc.Ames,Rois e Dodro	Agricultura sostible	213.403,00

0305/721A/767.00	Consortio pro feiras Ferrol.	Achega máquina limpeza	33.268,61
0305/751A/462.00	Concello Santiago	Compostela Visión	60.000,00
0601/451D/489.99	Caixanova	Convenio actuacións - Anualidade 2003	482.432,06
0601/451D/489.99	Orquestra Sinf. Melide	Actuacións na provincia	60.000,00
0601/451D/762.99	Concello Ferrol.	Premio internacional de piano	80.500,00
0601/451F/489.99	Universidade Coruña	Manten. e actualización biblioteca virtual	60.000,00
0601/451F/789.99	Universidade Santiago	Edificio Nexus anualidades 2003 e 2004	751.265,13
0601/451H/489.99	Ac. Bellas Artes N ^o S ^a Rosario	Actividades culturais 2005	10.000,00
0601/451H/789.99	Asoc. escritores lingua galega	Centro documentación	30.000,00
0601/451L/489.99	Fundación Torrente Ballester	Catalogación e arquivo fundación	72.000,00
0601/452A/789.99	Club del mar San Amaro	Último plazo obras ref. piscina exterior	29.015,51
0601/452C/489.99	Club de remo Cabo de Cruz	Participación competicións deportivas	60.000,00
0601/452C/489.99	Federación G. Automovilismo	Participación comp. deportivas e activ. s.vial	80.000,00
0601/454B/489.99	Arzobispado Santiago	5 ^a fase prox.actuación arquivos parroquiais	26.300,00
0603/422D/489.99	APA Puga Ramón	Actividades extraescolares	18.000,00
0701/330M/480.99	Asoc. síndrome Down	Divulgación sensibilización - Anualidade 2003	1.081,82
0701/313M/789.99	Asoc.Minusv. Barbanza(AMBAR)	Centro comarcal servizos múltiples	180.000,00

2º-2.- Modificar as subvencións nominativas recollidas na Base 47ª dos Orzamentos Provinciais do exercicio 2005 e que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da lei 38/2003, Xeral de subvencións:

APLIC. PRESUP.	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0601/321D/450.00	Esc.Unv.Relacións Laborais	Gastos funcionamento	13.310,00
0701/330A/480.99	Fondo Galego solidariedade	Cuotas socio dos exercicios 2004 e 2005	24.000,00

3º.- Asumir o compromiso de cancelar as operacións de crédito co Remanente de Tesourería, libre de disposición que resulte da Liquidación do Presuposto do exercicio 2005.

Este compromiso ten o carácter dun Plan Económico-Financeiro o que se refire o artigo 22 da lei 18/2001, Xeral de estabilidade presupostaria.

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

Sr. Presidente

Agora quería facer unha pregunta para ordenar o debate, porque no debate do punto número catro, falouse de todo, poderíamos explicitar xa cales son os puntos que se dan xa por debatidos por non enuncialos?

Imos continuar co número cinco e ao chegar a eses puntos, xa agruparemos todo.

5.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE REDE VIARIA LOCAL ADICIONAL 1/2005

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as baixas producidas na adxudicación das 4 obras incluídas no apartado de rede viaria local do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2005, aprobado mediante acordo plenario do 24 de febreiro de 2005.

1º.- Aprobar o Programa de rede viaria local adicional 1/2005 no que se inclúe a obra que se indica deseguido:

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u> <u>Deputación Fondos Propios</u>
05.2401.0505.0	Noia	Ampl. e mell. calzada e seg. vial EP 5708 Noia-Igrexa de Argalo	426.573,29

2º.- Aprobar o correspondente proxecto técnico de execución da obra.

3º.- A contratación da obra incluída no Programa de RVL adicional 1/2005 realizaraa a Deputación.

4º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se presenten as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.

8º .- O financiamento deste programa realizarase con cargo á partida 0501/511B/60144.”

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO DE REHABILITACIÓN DO TEATRO COLÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o ditame favorábel do Consello Consultivo de Galicia relativo ao expediente do proxecto modificado nº 2 do de rehabilitación do Teatro Colón

1º .- Aprobar o proxecto modificado nº 2 do de rehabilitación do Teatro Colón , cun orzamento de contrata de 8.953.407,39.- euros que supón un incremento en relación ao inicial de 2.120.158,39.- euros (31,0271%) e respecto ao modificado nº 1 de 1.016.039,90.- euros (12,8007%)

2º.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato inicial, NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. CIF.: A-81638108, as modificacións do contrato que aplicando a baixa da adxudicación supoñen un novo prezo de adxudicación de 7.658.744,68.- euros que supón un incremento en relación ao inicial de 1.813.583,48.- euros e respecto ao modificado nº 1 supón 869.120,53.- euros, imputándose á partida orzamentaria 0402/451M/622.99, documento RC, rexistro nº 9.382 de 07-06-05, fase 05-08.

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 34.764,82.- euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de dez días, quedando xa que logo fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 306.349,79.- euros.”

7.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN –MARCO DE INVESTIMENTOS PROVINCIAIS 2005-2006.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

No punto número 7 hai unha emenda que forma parte xa da documentación, coñécena?, daquela temos que votar a emenda, e se se aproba a emenda, incorpórase ao ditame e votaríamos o ditame.

Por unanimidade, apróbase a emenda, e vótase o acordo coa emenda incorporada.

VOTACION

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a moción do 19 de xullo de 2005 subscrita pola Presidencia desta Deputación sobre a programación-marco dos investimentos locais 2005-2006, elaborada tras o acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, en relación coas posíbeis débedas xurdidas pola transferencia á Comunidade Autónoma dos hospitais provinciais e que figura como [anexo](#):

1º) Aprobar a Programación-marco de investimentos provinciais 2005-2006 que se estruturan nos 4 apartados que a continuación se indican e cuxos importes globais de financiamento son os seguintes:

	Anualidade 2005	Anualidade 2006	Total
Plan de piscinas cubertas	900.000,00	3.600.000,00	4.500.000,00
Plan de grandes cidades	4.000.000,00	0,00	4.000.000,00
Actuacións de investimentos singulares	4.563.764,55	2.400.000,00	6.963.764,55
Plan de investimentos locais	17.500.000,00	0,00	17.500.000,00
Total.....	26.963.764,55	6.000.000	32.963.764,55

2º) A execución de cada un dos apartados indicados realizarase a través da aprobación dun expediente para cada un deles.

3º) Remitir este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.

4º) Ao abeiro do disposto no artigo 174, apartado 5 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora de facendas locais, aprobar a modificación das porcentaxes de gastos plurianuais destinadas ao financiamento dos investimentos nas anualidades 2005 e 2006, que quedan establecidos como se indica na táboa anterior.”

ANEXO

MOCIÓN DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN-MARCO DE INVESTIMENTOS PROVINCIAIS 2005-2006

Tras o acordo acadado entre esta Deputación Provincial da Coruña e máis a Xunta de Galicia en relación coas posibles débedas xurdidas pola transferencia á comunidade autónoma dos hospitais provinciais, esta deputación pode dispoñer dunha importante cantidade de fondos que estaban pendentes do resultado da sentenza que podía recaer sobre o asunto.

Estes fondos provinciais destinaranse a realizar novos investimentos que completen as actuacións que actualmente se veñen realizando, e esta Presidencia ten especial interese en que estes cartos revertan directamente na totalidade dos concellos da provincia a través de diversas actuacións. Para iso elaborouse unha programación-marco de investimentos provinciais para o período 2005-2006, que se estrutura nos catro apartados seguintes:

1º.- Plan de piscinas cubertas climatizadas para os concellos cunha poboación superior ós 10.000 habitantes 2005-2006.

2º.- Plan de grandes cidades da provincia da Coruña 2005.

3º.- Actuacións de investimentos singulares 2005-2006.

4º.- Plan de investimentos locais 2005.

A través da realización destas catro actuacións, preténdese realizar importantes investimentos nos 94 concellos da provincia, de xeito que todos eles estean incluídos nalgún destes apartados, sendo os importes totais ós que ascenden as achegas provinciais os que a continuación se indican:

	2005	2006	TOTAL
--	-------------	-------------	--------------

Plan de piscinas cubertas	900.000,00	3.600.000,00	4.500.000,00
Plan de grandes cidades	4.000.000,00	0,00	4.000.000,00
Actuacións de investimentos singulares	4.563.764,55	2.400.000,00	6.963.764,55
Plan de investimentos locais	17.500.000,00		17.500.000,00
TOTAL	26.963.764,55	6.000.000,00	32.963.764,55

As liñas fundamentais das catro actuacións previstas nesta programación marco son as que de seguido se indican para cada unha delas

Primeira.- Dunha banda preténdese facer un Plan de piscinas cubertas climatizadas para os concellos da provincia cunha poboación superior ós 10.0000 habitantes que carecen deste tipo de instalacións, cun carácter plurianual para as anualidades 2005 e 2006.

O propósito é, dun xeito prioritario, completar a realización destas instalacións nos municipios da provincia con poboación superior ós 10.0000 habitantes, polo que son destinatarios deste plan os concellos de Porto do Son, Rianxo e Teo, por seren os únicos concellos que tendo unha poboación superior ós 10.0000 habitantes carecen deste tipo de instalación.

A finalidade do plan é que os habitantes destes concellos non sufran discriminación por razón de poboación respecto doutros da provincia co mesmo número de habitantes que dispoñen deste tipo de instalación para a práctica da natación, xa que neste intre os cidadáns destes concellos teñen que desprazarse ós municipios lindeiros para a práctica deste deporte.

Este tipo de instalacións cumpre o dobre obxectivo deportivo e de saúde, xa que a través delas foméntase a práctica da natación como deporte e tamén se emprega con fins terapéuticos e de rehabilitación.

Estas instalacións son as que máis demanda a sociedade actualmente no ámbito provincial, pois a práctica desta modalidade deportiva incrementouse considerablemente nestes últimos anos .

A deputación destina ó financiamento deste plan ó longo de dous anos a cantidade de 4.500.000 euros, destinando á primeira anualidade de 2005 a cifra de 900.000 euros, e á anualidade 2006 a cantidade de 3.600.000 euros.

Estes concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento das obras cando soliciten a inclusión dentro deste plan.

A contratación e execución destas obras realizarana os concellos.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal.

No caso de que existan proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obras, o seu financiamento corresponderalle ó concello.

Segunda.- Por outra banda, coa finalidade de dotar as tres grandes cidades da provincia da Coruña dun nivel de infraestruturas acorde coas súas necesidades que en concellos cunha poboación tan importante son incesantes e continuas, destínase ós municipios da provincia con poboación superior ós 50.000 habitantes, que son A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, un plan especial cunha dotación orzamentaria de 4.000.000 de euros. O criterio que se aplicará na distribución deste financiamento polo número de habitantes é o seguinte:

- Poboación ata 100.000 habitantes..... 1.000.000 euros
- Poboación por enriba de 100.000 habitantes..... 2.000.000 euros

Estes concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar os investimentos cando soliciten a inclusión dentro deste plan.

A contratación e execución das obras e dos equipamentos realizarana os concellos.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega do concello.

No caso de que existan proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obras, o seu financiamento corresponderalle ó concello.

Terceira.- Doutra banda, se atendemos os pedimentos formulados por diversos concellos da provincia nos que lle solicitan a esta deputación a realización con carácter prioritario de actuacións de investimentos singulares, en lugar de seren incluídos no novo plan de investimentos locais que se elabore, vanse concertar convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de **Ares-Mugardos, Bergondo, Boiro, Boqueixón, Cambre, A Capela, Laxe, Rois e Cariño**, para realizar investimentos que polas súas especiais características non encaixan en ningún dos plans especiais comprendidos dentro do Programa de investimentos en infraestruturas locais que se presenta. Por iso estes convenios formarían parte do programa de investimentos singulares das entidades locais no que se

integrarían cada un deles polas razóns e polas singularidades que se sinalan a continuación.

O convenio da deputación cos **Concellos de Ares - Mugardos** subscribiríase para a construción dunha piscina cuberta climatizada para o seu uso compartido por ambos concellos, dado que a poboación que se beneficiaría desta instalación alcanzaría os 10.877 habitantes e porque ambos concellos tampouco teñen instalación de piscina descuberta.

Dado o seu carácter singular ó presentarse de forma conxunta por dous concellos que comportaría unha regulación específica no tocante á súa tramitación, e no relativo á xestión, mantemento e conservación das instalacións, parece o máis conveniente a súa instrumentalización a través dun convenio.

Ambos concellos manifestaron a necesidade desta instalación e a vontade de manter todas as xuntanzas que sexan precisas ata chegar a acordos conxuntos que posibiliten a súa realización.

O importe da achega provincial máxima para a realización do proxecto correspondente será de 300.000 euros para o ano 2005 e 1.200.000 euros para o ano 2006.

O convenio co **Concello de Bergondo** ten como obxecto colaborar na rehabilitación do edificio "A Senra" que se levantou coas achegas económicas dos socios do "Centro de instrución e recreo de Bergondo e os seus contornos" que eran emigrantes galegos naturais de Bergondo e residentes en Nova York, e que se inaugurou o día 12 de xullo de 1936.

Con posterioridade e por diversas vicisitudes sufriu un proceso de deterioración, sendo unha ruína no ano 2001 no que foi finalmente cedido ó Concello de Bergondo pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado.

O concello asumiu o compromiso da súa reconstrución cun custo inicial de 1.800.000 euros para a súa conversión en Centro Sociocultural e Deportivo, executándose nas anualidades 2002-2004 a 1ª fase.

A 2ª fase vaise facer mediante a contratación conxunta da redacción dun proxecto e a execución das obras, que dada a súa singularidade considerase oportuno que a colaboración no financiamento da obra por parte da deputación se faga mediante un convenio individualizado co Concello de Bergondo.

O importe máximo da achega provincial para executar o proxecto correspondente é de 900.000,00 euros.

O convenio co **Concello de Boiro** ten como obxecto contribuír ao financiamento de parte da construción dun centro socio-cultural e de usos múltiples na parroquia de Sta. María de Castro en Cabo de Cruz, cun orzamento total de 1.081.821,80 euros.

As actividades que se posibilitan coa construción deste centro socio-cultural beneficiará a todo o espectro poboacional, xa que a familia enteira poderá gozalas. Pero esta incidencia deberá ser máis intensa nos colectivos infantil/adolescente e da terceira idade, que poderían encontrar nas actividades que se desenvolvan nestas instalacións, no primeiro caso, o complemento necesario ás actividades docentes regradas, e no caso da terceira idade un vehículo para garantir o seu arraigo e integración no colectivo do que forman parte, e tamén como factor que colabore, na medida das súas posibilidades, na consecuencia dun nivel de calidade de vida digno.

Tendo en consideración a tipoloxía da actuación que se pretende levar a cabo, así como a súa incidencia e beneficio nos ámbitos sociais e culturais no municipio, o concello solicita unha subvención por importe de 800.000 euros que é a que asumirá a Deputación provincial.

O **Concello de Boqueixón** abordou a rede de saneamento do concello a través de proxectos que se incluíron no Programa operativo local, ata consumir o financiamento asignado nel, quedando pendente a construción dunha EDAR en Sergude que daría cobertura ás industrias que se establezan mediante a aprobación dun Plan de sectorización para o desenvolvemento dun polígono industrial, contemplado polo concello, o que á súa vez xeraría emprego, e que sería o obxecto do convenio.

O importe máximo da achega provincial para executar o proxecto correspondente é de 455.107,54 euros.

O **Concello de Cambre** solicita con carácter prioritario a execución da obra “1ª fase da Casa da Cultura de Cambre”, cun orzamento de 1.300.000 euros, que é de imposible acometida polo propio concello sen axuda doutras institucións, polo que solicita da deputación a subscrición do oportuno convenio de colaboración para cofinanciar a dita obra, comprometéndose o concello á redacción do proxecto técnico, co compromiso da achega dos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a súa execución, así como a asumir o financiamento dos demais gastos de calquera natureza que se poidan xerar.

Dende hai dous anos o goberno municipal de Cambre traballa na obtención dunha colaboración institucional para o financiamento deste proxecto, xa que a evolución e crecemento deste concello nos últimos anos motivou que as infraestruturas existentes sexan insuficientes tanto para a oferta municipal como para a demanda da poboación, razón pola que se convocou no ano 2003 un concurso de ideas

do que saíu elixido o proxecto básico das futuras instalacións de servizos socioculturais de Cambre.

Os eixes principais do proxecto coinciden con algunhas das actuacións máis importantes da acción cultural do concello, como a dotación dun auditorio polivalente onde se poidan realizar espectáculos de teatro e música, conferencias e reunións e coa posibilidade de se converter en lugar de ensaio e prácticas da banda de música e das agrupacións teatrais e musicais.

Ademais, este ano celébrase a vixésima segunda edición do certame de pintura do Concello de Cambre e nas novas instalacións hai lugares destinados á exposición permanente do patrimonio pictórico de Cambre, á celebración de exposicións temporais, á do propio certame anual e ó depósito e garda da obra non exposta. Así mesmo, está previsto no proxecto que as novas instalacións alberguen obradoiros permanentes de arte para potenciar o acceso da cidadanía de Cambre ás artes plásticas.

Un dos grandes apartados que definirían a actividade nas novas instalacións é todo o que xira ó redor da Biblioteca Central de Cambre; esta biblioteca e a sala de exposicións anexa están situadas actualmente no edificio do Centro de Saúde e este centro necesita máis espazo para mellorar as prestacións existentes e ampliar as súas especialidades.

Ademais, no novo centro cultural estarían localizados os servizos administrativos de cultura, pero tamén prestarase atención ós cidadáns, ás asociacións e produtores culturais, que terían todos eles neste espazo un marco axeitado ás necesidades de calidade de servizo demandadas, que neste intre se desenvolven en apenas 60 metros cadrados, superficie que é insuficiente e que limita a posibilidade de engadir mais persoal ó servizo.

O importe máximo da achega provincial para esta obra é de 800.000 euros.

O convenio co **Concello da Capela** ten como obxecto a adaptación de dúas unidades escolares que actualmente están en desuso para biblioteca municipal e usos múltiples. Con isto perséguese conservar e incorporar á vida actual un patrimonio municipal que formou parte do pasado da vida cotiá do concello a través do ensino ós escolares e que volverá a dar servizo no futuro enriquecendo a vida cultural e de relación dos seus habitantes, e esta dobre función non a podería satisfacer o propio concello dada a limitación de medios de que dispón.

O importe máximo da achega provincial para executar o proxecto correspondente é de 265.471,66 euros.

O **Concello de Laxe** presenta unha solicitude, a través do secretario-xerente do “Plan de dinamización turística da Costa da Morte” para cofinanciar a obra “Rehabilitación e musealización da antiga casa cuartel” cun orzamento total de 675.185,45 euros, mediante un convenio coa deputación, e achega coa solicitude, o proxecto básico e de execución da obra.

Un dos obxectivos presentados no Plan de dinamización turística da Costa da Morte, dende o intre mesmo do seu inicio foi a “recuperación e posta en valor” de espazos ou infraestruturas que debido á súa natureza ou importancia merecen unha priorización dentro das actuacións que este plan desenvolvera ao longo dos catro anos da súa vixencia.

Un destes espazos ou, neste caso edificio “a casa cuartel de Laxe” representa unha oportunidade única de recuperar, e con posterioridade mostrar a cultura mariñeira do territorio no que se atopa. E ademais un factor de desenvolvemento turístico que repercutirá non soamente no Concello de Laxe, se non que tamén está incluída dentro dun “produto turístico” supramunicipal como é a ría de Corme-Laxe, complementando actividades cos Concellos de Cabana de Bergantiños e Ponteceso.

A Comisión de Seguimento do Plan de dinamización turística da Costa da Morte aprobou unha achega de 250.000 euros, que é insuficiente á vista do importe do proxecto técnico da obra, e dado que a Deputación da Coruña adoptou o compromiso da achega económica necesaria para que este proxecto se rematase na súa totalidade, instrumentará o seu cofinanciamento a través da subscripción do correspondente convenio de colaboración.

O orzamento total da actuación que será obxecto do convenio detállase do seguinte modo:

- Rehabilitación:	390.997,45 euros, IVE incluído.
- Musealización:	284.187,90 euros, IVE incluído.
Total:	675.185,35 euros, IVE incluído.

A achega aprobada con cargo ó Plan de dinamización turística da Costa da Morte é de 250.000 euros, dado que desta cantidade se aboou na redacción do proxecto polo importe de 18.000 euros, a achega provincial que se precisa para completar a actuación é de 443.185,35 euros.

Tendo en conta o detalle do orzamento total da actuación, o compromiso económico da deputación desenvolveríase a través de dúas achegas distinguindo entre:

- Rehabilitación:	232.000 (PDT) +158.997,45 euros (deputación)
- Musealización:	284.187,90 euros (deputación)

O **Concello de Rois**, presenta unha solicitude para cofinanciar a construción dun edificio multiusos a través dun convenio coa deputación, e achega coa solicitude, un "proxecto básico para a construción dun edificio multiusos e gardería no Concello de Rois", cun orzamento total de contrata por importe de 851.498,64 euros.

No escrito de solicitude do concello, priorízase esta necesidade como a máis urxente do concello, cara o fomento da cultura, educación e desenvolvemento comunitario, dada a ausencia dun edificio con capacidade e dotacións suficientes para poder albergar calquera manifestación neste campo. Por esa razón, redactouse o proxecto dun edificio que se situaría nun terreo do concello, céntrico, con bos accesos e servizos, apto para as actividades formativas, instalacións da biblioteca municipal, da aula de informática, representacións teatrais e musicais, exposicións, despachos e salas de reunións para asociacións, así como da gardería municipal. En definitiva, o que se pretende é a construción dun edificio polivalente con espazos utilizables e adaptables ós diferentes tipos de actividades que, ó ser único, a súa rendibilidade sería máxima e para que os gastos comúns (persoal, calefacción, luz, seguridade, etc..) sexan asumibles integrouse nel a futura gardería municipal.

Dado que un edificio desta envergadura ten un custo imposible de asumir con cargo ó orzamento dun concello de pouco máis de 5.000 habitantes, tendo en conta o importe do orzamento de contrata do proxecto técnico correspondente, o Concello de Rois solicitou axudas doutras administracións e xa dispón de parte do financiamento necesario para a súa realización, que é o seguinte:

- Con fondos europeos, no marco do programa PRODER II, existe comprometida en firme a cantidade de 278.541,22 euros
- A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, financiará a parte das obras correspondentes á gardería infantil, na cantidade de 164.960,56 euros.
- Existe un compromiso verbal da Consellería de Cultura parar asinar un convenio plurianual de cofinanciamento, pendente de que libre os fondos a Consellería de Economía e Facenda.

Por todo o sinalado o concello solicítalle á deputación a sinatura dun convenio de colaboración para o cofinanciamento da obra mediante a achega provincial da cantidade restante ata completar o importe total do proxecto, co compromiso de que o concello realizará unha achega asumible para o seu orzamento municipal.

O importe máximo da achega provincial para executar o proxecto correspondente é de 300.000,00 euros.

O **Concello de Cariño**, mediante acordo plenario adoptado por unanimidade de todos os grupos políticos que o integran solicita da deputación a

construción dunha piscina climatizada, mediante un convenio, presentando o proxecto técnico para executar as obras, co compromiso por parte do concello de subministrar os terreos e todas as infraestruturas necesarias (accesos, abastecemento de augas, rede de sumidoiros, etc.) para a súa realización. O concello alega que non existe ningún tipo de instalación de piscina no termo municipal e que a única piscina que existía no único concello limdeiro que a tiña que era Ortigueira, xa non existe actualmente, e non teñen ónde acudir moitos cidadáns ós que por razóns terapéuticas e de rehabilitación se lles recomendou a práctica da natación.

É de especial interese o obxectivo do concello de instalar paneis solares térmicos nela coa finalidade de minimizar os seus gastos de mantemento

O importe da achega provincial máxima para a realización do proxecto correspondente será de 300.000 euros para o ano 2005 e 1.200.000 de euros para o ano 2006.

Son normas comúns a todos estes convenios que integran o programa de investimentos singulares das entidades locais 2005-2006 as seguintes:

1ª) A achega provincial destinarase exclusivamente ó financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como “orçamento base de licitación.”

2ª) A contratación e execución das obras realizarana os concellos, aínda que serán ó seu cargo os custos de redacción dos proxectos técnicos, dirección de obra, seguridade e saúde ou calquera outro distinto do definido e cuantificado como “orçamento base de licitación ” nos termos que desta magnitude fai o artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

3ª) Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega do concello.

4ª) No caso de que existan proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obras, o seu financiamento corresponderalle ó concello.

5ª) En todo caso, o importe da achega provincial e doutras posibles subvencións públicas ou privadas non poderá exceder do 100% do custo real e efectivo da obra.

6ª) Os concellos deberán asumir o compromiso de destinar os investimentos financiados polas achegas provinciais ó obxectivo ou actividade que

motivou a súa concesión por un período mínimo de 10 anos, de conformidade co sinalado no artigo 31, apartado 4, letra a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7ª) A aprobación do correspondente convenio, requirirá a incorporación do proxecto técnico oportuno e a acreditación da entrada en vigor do expediente de modificación de crédito 2/2005 no que se consignará a dotación necesaria para o seu financiamento.

Cuarta.- No derradeiro lugar, e destinado a todos aqueles concellos non incluídos en ningún dos tres apartados anteriores, e coa finalidade de atender as súas carencias e necesidades, a deputación propón a elaboración dun Plan de investimentos locais 2005, para concellos menores de 50.000 habitantes, para cuxo financiamento se destina a cantidade de 17.500.000 euros, cuxa distribución entre os concellos atenderá ós seguintes criterios:

- 10% superficie
- 70% poboación
- 15% esforzo fiscal
- 5% cota fixa

Neste plan poderase incluír a realización de investimentos, mesmo a adquisición de terreos e de bens patrimoniais, asociados ás competencias municipais dispostas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 do 2 do abril, reguladora das bases de réxime local, e poderase concretar na execución de obras de infraestrutura, ou nas adquisicións de subministracións de bens inventariables, que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O orzamento mínimo das actuacións que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase en 31.000 euros para as obras e 13.000 euros para as subministracións.

Estes concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar os investimentos cando soliciten a inclusión dentro deste plan.

A contratación das obras e dos equipamentos realizarana os concellos respectivos, así como a súa execución.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación dos investimentos, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal.

No caso de que existan proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obras, o seu financiamento corresponderalle ó concello.

Como consecuencia de todo o exposto, pódese concluír que con esta Programación- marco de investimentos provinciais para os exercicios 2005-2006 que se van realizar nos 94 concellos da provincia da Coruña a través das distintas liñas de actuación descritas, esta Presidencia confía en dar resposta ás moitas necesidades e carencias existentes nos concellos, algunhas delas xa coñecidas, outras non manifestadas aínda á deputación; coa finalidade de atender a todas elas elabórase este programa de investimentos da deputación que confiamos sexa do agrado de todos.

A Coruña, 19 de xullo de 2005

O PRESIDENTE

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

8.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS 2005-2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a moción da Presidencia desta Deputación do 19 de xullo de 2005 relativa á aprobación da programación-marco de investimentos provinciais 2005-2006, en cuxo apartado primeiro se prevé a realización dun Plan de piscinas cubertas climatizadas

1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan de Piscinas Cubertas Climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior ós 10.000 habitantes que carecen deste tipo de instalación, para as anualidades 2005-2006, cuxo texto figura no [anexo que se xunta](#).

2º) Os importes da achega provincial a este plan ascenden á cantidade de 900.000 euros para a anualidade 2005 e a 3.600.000 euros para a anualidade 2006, o que fai unha achega provincial total de 4.500.000 euros.

3º) Condicionar á aprobación definitiva das bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2005 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento da anualidade 2005 polo importe de 900.000 euros.

Para a anualidade 2006, a deputación asumirá o compromiso de incluír nos orzamentos correspondentes o crédito necesario para o financiamento das obras nesta anualidade pola cantidade de 3.600.000 euros.

4º) Ó amparo do disposto no artigo 174, apartado 5 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, aprobar a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual

destinados ó financiamento das obras nas anualidades 2005 e 2006, que quedan establecidos tal e como se indican nos apartados precedentes.

5º) Remitirlles este acordo á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarensen alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado”.

ANEXO

B A S E S

PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN SUPERIOR ÓS 10.000 HABITANTES E QUE CAREZAN DESTE TIPO DE INSTALACIÓNS

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan de piscinas cubertas climatizadas nos concellos da provincia cunha poboación superior ós 10.000 habitantes que carezan deste tipo de instalacións, ten un carácter plurianual para os exercicios 2005 e 2006.

A deputación financiará a anualidade 2005 cunha achega provincial por importe de 900.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento provincial para esta anualidade e, para a anualidade 2006, destínase a cantidade de 3.600.000 euros, o que fai un investimento total de 4.500.000 euros.

Para a anualidade 2006, a deputación asumirá o compromiso de incluír nos orzamentos correspondentes os créditos necesarios para o financiamento das obras nesta anualidade.

O financiamento provincial queda establecido conforme á seguinte previsión:

	POR CONCELLO	TOTAL
Achega provincial no exercicio 2005	300.000	900.000
Achega provincial no exercicio 2006	1.200.000	3.600.000
TOTAL	1.500.000	4.500.000

Os concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos.

2.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto deste plan é cooperar cos concellos da provincia cunha poboación superior ós 10.000 habitantes, que aínda carecen deste tipo de instalacións, na construción de piscinas cubertas climatizadas.

A deputación propónse, dun xeito prioritario, completar a realización destas instalacións nos municipios da provincia da Coruña cunha poboación superior ós 10.000 habitantes, polo que este plan se destinaría soamente ós Concellos de Porto do Son, Rianxo e Teo, por seren os únicos concellos, cunha poboación superior á cifra sinalada, que carecen delas.

A finalidade do plan é que os habitantes destes concellos non sufran discriminación por razón de poboación respecto doutros da provincia para a práctica da natación, xa que nestes intres os cidadáns destes concellos teñen que desprazarse ata outros municipios limdeiros para practicar este deporte.

Este tipo de instalacións cumpren o dobre obxectivo deportivo e de saúde, xa que a través delas foméntase a práctica da natación como deporte e tamén se empregan con fins terapéuticos e de rehabilitación.

Estas instalacións son as que máis demanda a sociedade actualmente no eido provincial, pois a práctica desta modalidade deportiva incrementouse considerabelmente nestes últimos anos.

As obras deberán ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

A achega provincial destinarase exclusivamente ó financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como “orçamento base de licitación”, nos termos nos que é definida esta magnitude no artigo 131 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

Os proxectos técnicos deberán conter o programa de traballo a que se refire o artigo 132 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, adaptados ás anualidades orzamentarias e co financiamento previsto para a súa execución.

En todo caso, os proxectos técnicos conterán a documentación a que se refire o artigo 124 da Lei de contratos das administracións públicas e os artigos 124 a 137 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son aqueles concellos da provincia da Coruña cunha poboación superior ós 10.0000 habitantes, e que carezan desta instalación no seu termo municipal, que son os Concellos de Porto do Son, Rianxo e Teo, que poderán participar nel presentando a documentación establecida nas bases no prazo sinalado.

4.- SOLICITUDES

Os concellos destinatarios deste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o día 31 de outubro de 2005 inclusive, a seguinte documentación:

a) Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan conforme ó modelo que figura como anexo, e no que se acepten expresamente as bases e se preste aprobación ó proxecto técnico da obra, coa indicación da súa denominación e orzamento.

Así mesmo, deberá constar neste acordo o plan de financiamento relativo á obra, de xeito que se detalle o importe que se financie con cargo á achega provincial asignada e, no seu caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria de forma detallada para as anualidades 2005 e 2006. No suposto de que se realicen achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o seu financiamento.

Ademais, neste acordo haberá de constar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para executar a obra, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

No devandito acordo constará expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar a obra e que, no suposto de que soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

b) Certificación expedida en relación ó inventario municipal de titularidade da parcela, ou certificación na que conste a dispoñibilidade referida ó día de formularse a solicitude, dos terreos nos que pretenda situarse a instalación; neste último caso especificarase o título que permita a dispoñibilidade do terreo.

c) Informe técnico no que se acredite que a parcela é apta urbanisticamente para executar as obras.

d) Memoria xustificativa da necesidade das instalacións, poboación afectada e previsións de utilización.

5.- APROBACIÓN DO PLAN

Unha vez rematado o prazo antes indicado para presentar as solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación que se ha achegar. No caso de presentar algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ó concello o prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os proxectos técnicos das obras serán supervisados polo Servizo Provincial de Arquitectura que deberá emitir o informe técnico correspondente.

O Pleno da deputación prestará aprobación ó plan, onde se conterà a relación de obras que o integran e que van realizar os concellos da provincia que nel se inclúan, unha vez acreditado que entrou en vigor o expediente de modificación de créditos no que se consigna a dotación necesaria para afrontar a anualidade 2005.

No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realizan os respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e remitiráselle para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

6.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes das obras, co acordo expreso de delegación da contratación e a execución delas nos respectivos concellos.

A contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e conforme ós pregos - tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega do concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra, deberaos aprobar o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento

corresponderalle ó concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo deberá financiar o concello todos os maiores gastos que poidan xurdir durante a execución das obras como os relativos á dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

O prazo para contrataren as obras os respectivos concellos, establécese ata o día **30 de setembro de 2006** inclusive. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de prórroga motivada do concello, que poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución.

7.- EXECUCIÓN DO PLAN

Os respectivos concellos executarán as obras de conformidade cos proxectos técnicos correspondentes presentados coa solicitude e aprobados co plan.

Dende o inicio das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ó modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O concello colocará unha placa identificativa da súa participación e no fondo da piscina figurará o anagrama da deputación de xeito destacado.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificadas será ata o día **31 de decembro de 2007** inclusive. Non obstante este prazo poderá ser obxecto de ampliación por solicitude do concello e por razóns motivadas; o presidente da deputación estará facultado para a concesión da ampliación, mediante resolución.

8.- PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando as certificacións de execución das obras, debidamente aprobadas polo concello e en exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente ós plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000 euros, agás a última certificación.

Coa derradeira certificación acompañarase, así mesmo, a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu subvención ningunha doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para executar a obra, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

Unha vez terminadas as obras deberá xuntarse a súa acta de recepción xunto coa última certificación de execución.

O concello deberá comunicarlle oportunamente á deputación, cunha antelación mínima de vinte días, a data da recepción da obra para que a deputación acuda ó acto cos técnicos designados para o efecto.

A deputación transferiralle ó concello o importe correspondente á achega provincial segundo os investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ó proxecto aprobado no plan.

Con carácter previo o pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito público provinciais, autorízase á deputación a que o pagamento da súa achega a realice por compensación.

9.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraa o presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e Intervención.

10.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non disposto nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Concello de Don / Dona secretario / a do

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006 nos concellos da provincia con máis de 10.000 habitantes da Excm. Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

CONCELLO	
DENOMINACIÓN	

FINANCIAMENTO			
	2.005	2.006	TOTAL
Achega concello			
Achega deputación			
TOTAL			

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra do investimento previsto no apartado 1º.

3º) Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para executar a obra, e que, no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4º) (Para o caso de achega municipal). Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo ós seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que este concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para executar a obra, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

6º) Facultar ó alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Coruña, de de 2005.

V. e pr.
O alcalde;

9.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE GRANDES CIDADES 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a moción da Presidencia desta Deputación do 19 de Xullo de 2005 relativa a aprobación de programación-marco de investimentos provinciais 2005-2006, no cuxo apartado segundo se prevé a realización dun plan de grandes cidades.

1) Aprobar As Bases reguladoras do Plan de grandes cidades 2005 para os concellos da provincia cunha poboación superior os 50.000 habitantes, que son A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela cuxo texto figua no [anexo que se xunta](#)

2) Condicionar á aprobación definitiva das bases a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2005 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento do achega provincial a este plan anual para anualidade 2005 polo importe de 4.000.000 euros.

3) Remitirles este acordo a Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

ANEXO

BASES REGULADORAS DO PLAN DE GRANDES CIDADES 2005

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan de grandes cidades 2005 para os concellos da provincia cunha poboación superior ós 50.0000 habitantes, é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2005, que se financia cunha achega provincial por importe de 4.000.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento provincial para a anualidade 2005, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento dos investimentos.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é dotar ás tres grandes cidades da provincia da Coruña, A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, dun nivel de infraestruturas acorde coas súas necesidades que en concellos cunha poboación tan importante son incesantes e continuas.

O obxecto que se persegue é cooperar cos tres concellos da provincia con poboación superior ós 50.000 habitantes, na realización de investimentos, incluída a adquisición de terreos e inclusive de bens patrimoniais, asociadas ás competencias municipais dispostas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e poderá concretarse na execución de obras de infraestrutura ou na adquisición de subministracións de bens inventariables que se poidan cualificar como gastos de investimento.

As obras deberán ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

A achega provincial destinarase exclusivamente ó financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como “orçamento base de licitación”, nos termos nos que se define esta magnitude no artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

En todo caso, os proxectos técnicos conterán a documentación a que se refire o artigo 124 da Lei de contratos das administracións públicas e os artigos 124 a 137 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro.

As subministracións terán que referirse a adquisicións de bens asociados para o obxecto do plan e que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O orzamento mínimo dos investimentos que han solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 60.000 euros.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os tres concellos da provincia da Coruña cuxa poboación é superior ós 50.000 habitantes, que son os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, que poderán participar nel presentando a documentación establecida nas bases no prazo sinalado.

4.- FINANCIAMENTO

4.1 Achega provincial

Para o financiamento deste plan a Deputación da Coruña destina no exercicio 2005 a cantidade de 4.000.000 euros que se distribúen entre os concellos con poboación superior ós 50.000 habitantes que se integran nel de conformidade cos seguintes criterios:

- Poboación ata 100.000 habitantes..... 1.000.000 euros ... Ferrol e Santiago de Compostela
- Poboación por riba de 100.000 habitantes..... 2.000.000 euros ... A Coruña

4.2 Achega municipal

Os concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos.

5.- SOLICITUDES

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o día **31 de outubro de 2005 inclusive**, a seguinte documentación:

5.1 Certificación do acordo plenario municipal.

- Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan conforme ó modelo que figura como anexo e, no que se acepten expresamente as bases e se preste aprobación ó proxecto técnico da obra, coa indicación da súa denominación e orzamento.

Así mesmo, deberá facerse constar neste acordo o plan de financiamento relativo a cada un dos investimentos solicitados, de xeito que se detalle o importe que se financie con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello) e, no seu caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. No caso de que se realicen achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o seu financiamento.

No devandito acordo constará expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar a obra, e que, no suposto de que soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese a obtelos con carácter previo á licitación da obra.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución do investimento, que a suma total delas non superen o 100% do seu importe.

No acordo plenario municipal aprobaranse as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír no plan complementario con carácter supletorio, para ser financiados con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nas obras ou equipamentos do respectivo concello, de xeito que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan.

Para as obras ou equipamentos cuxa inclusión se solicita dentro do plan complementario aplicaranse os orzamentos mínimos esixidos para estes equipamentos no plan base.

5. 2 Documentación descritiva das obras e dos equipamentos.

O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 60.000 euros .

Para as obras, o concello deberá achegar os proxectos técnicos en exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e nos artigos 124 e 137 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro.

Para os equipamentos achegarase o prego de prescricións técnicas onde se detallan as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario, incrementando o seu importe total co 16% de IVE..

Os concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Unha vez rematado o prazo antes indicado para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación que se achega. No caso de que presente algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ó concello o prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Pleno da deputación aprobará o plan, onde se conterá a relación de obras ou equipamentos que o integran e que se van realizar nestes tres concellos da provincia que nel se inclúan, unha vez acreditado que entrou en vigor o expediente de modificación de créditos no que se consigna a dotación necesaria para facer fronte á anualidade 2005.

A aprobación polo Pleno comprenderá tanto as obras principais solicitadas polos concellos que se integrarán no plan base, como as obras supletorias que se integrarán no plan complementario para o seu financiamento con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nos respectivos concellos, polo que a aprobación definitiva deste plan complementario queda condicionada a que efectivamente se produzan as devanditas baixas.

No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realicen os respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Transcorridos os 10 días de exposición pública dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do plan adicional financiado con baixas de licitación que se elabore no marco do plan complementario, realizarase posteriormente mediante resolución da presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de baixas de licitación, e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o plan adicional no que se incluírán as obras ou equipamentos previstos no plan complementario daqueles concellos que tiveran baixas de licitación, podendo o concello correspondente realizar achegas municipais voluntarias coa finalidade de completar o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes ás obras ou os pregos de prescricións técnicas dos equipamentos, co acordo expreso de delegación da contratación e execución delas nos respectivos concellos.

Para as obras, a contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e conforme ós pregos-tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto.

Para as subministracións, a contratación realizarase de conformidade cos artigos 181 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega dos concellos. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ó financiamento dos investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra deberaos aprobar o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento corresponderalle ó concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo deberá financiar o concello todos os maiores gastos que poidan xurdir durante a execución das obras como os relativos á dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

O prazo para contrataren as obras os respectivos concellos, establécese ata o **día 30 de setembro de 2006 inclusive**. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de

prórroga motivada do concello, que a poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

Os respectivos concellos executarán as obras ou equipamentos de conformidade cos proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas correspondentes presentados coa solicitude e aprobados co plan.

Dende o inicio das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ó modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificadas será ata o día **31 de decembro de 2007 inclusive**. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante a solicitude, por razóns motivadas, do concello; o presidente da deputación estará facultado para conceder a ampliación, mediante resolución.

9.- PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras, ou factura e acta de recepción da subministración, debidamente aprobadas polo concello e en exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente ós plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000 euros, agás a última certificación.

Coa última certificación terase que acompañar a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a suma total delas non superen o 100% do seu importe.

Unha vez rematadas as obras deberá achegarse a súa acta de recepción xunto coa última certificación de execución.

O concello deberá comunicarlle oportunamente á deputación, cunha antelación mínima de vinte días, a data de recepción da obra ou equipamento para que a deputación poida acudir ó acto cos técnicos designados para o efecto.

A deputación transferiralle ó concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ou facturas ó proxecto das obras ou prescricións das subministracións aprobadas no plan.

Con carácter previo ó pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se

o concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito público provinciais, autorízase á deputación a que o pagamento da súa achega a realice por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraaas o presidente da deputación, despois do informe da Secretaría e da Intervención.

11.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non disposto nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona _____ secretario/a do
Concello de _____

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o _____ adoptou, entre outros,
o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de grandes cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial
TOTAL			

2º) Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras ou os pregos de prescricións técnicas das subministracións dos investimentos previstos no apartado 1º.

3º) Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou equipamentos que a continuación se relacionan, para seren financiados cos remanentes que se puideran xerar polas baixas de licitación producidas nas obras incluías no apartado 1, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TOTAL	

4º) Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para executar a obra, e que, no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese a obtelos con carácter previo á licitación da obra.

5º) (Só no suposto de que exista unha achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo ós seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

6º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administración públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.

7º) Facultar ó alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Coruña, de de 2005.

V. e pr.
O alcalde:

10.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.

INTERVENCIONES

Sr. Presidente

Imos someter a consideración unha emenda que presenta o Grupo Popular onde di que se substitúan os criterios sinalados nas citadas bases polos criterios vixentes no Plan de obras e servizos.

Vótase a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Rexeitada a emenda vótase o punto número 10.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 14 deputados

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a moción da Presidencia desta Deputación de 19 de xullo de 2005 relativa á aprobación da programación-marco de investimentos provinciais 2005-2006, en cuxo apartado último se prevé a realización dun Plan de investimentos locais

1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan de investimentos locais 2005, cuxo texto figura no [Anexo que se xunta](#).

2º) Condicionar a aprobación definitiva das bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2005 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento deste plan anual para a anualidade 2005 polo importe de 17.500.000 euros. Ademáis, dado que o financiamento da aportación provincial a este Plan polo importe sinalado se realizará cun préstamo deberá quedar así mesmo

condicionada a aprobación deste Plan ao cumprimento das condicións establecidas nos apartados 5 e 6 do artigo 173 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3ª) Remitirille este acordo á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderáse definitivamente aprobado”.

ANEXO

BASES REGULADORAS DO

PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O presente Plan de investimentos locais 2005, é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2005, que se financia cunha achega provincial por importe de 17.500.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento provincial para a anualidade 2005, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento dos investimentos.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é dotar dun nivel de infraestruturas e equipamentos ós concellos menores de 50.000 habitantes acorde coas súas necesidades.

O obxecto que se persegue é cooperar cos concellos da provincia na realización de investimentos, mesmo a adquisición de terreos e bens patrimoniais, asociados ás competencias municipais dispostas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e poderase concretar na execución de obras de infraestrutura, ou na adquisición de subministracións de bens inventariables que se poidan cualificar como gastos de investimento.

As obras deberán ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

A achega provincial destinarase exclusivamente ó financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como “orzamento base de licitación”, nos termos nos que é definida esta magnitude no artigo 131 do Regulamento xeral

da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

En todo caso, os proxectos técnicos conterán a documentación á que se refire o artigo 124 da Lei de contratos das administracións públicas e os artigos 124 a 137 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro.

As subministracións terán que referirse a adquisicións de bens asociados ó obxecto do plan e que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase para as obras na cantidade de 31.000 euros e para as subministracións na cantidade de 13.000 euros.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son todos os concellos da provincia da Coruña, coa excepción daqueles concellos que se inclúen nos outros apartados da Programación-marco 2005-2006, como son os tres concellos incluídos no Plan de piscinas cubertas climatizadas, os tres concellos incluídos no Plan de grandes cidades e os dez concellos que optaron por realizar unha actuación de investimento singular no lugar de participar neste plan, de conformidade co sinalado na moción do presidente con data do 19.07.2005. A listaxe dos 78 concellos que poderán participar nel presentando a documentación establecida nas bases no prazo sinalado é a seguinte:

Abegondo	Ames	Aranga	Arteixo	Arzúa	A Baña
Betanzos	Boimorto	Brión	Cabana de B.	Cabanas	Camariñas
Carballo	Carnota	Carral	Cedeira	Cee	Cerceda
Cerdido	Cesuras	Coirós	Corcubión	Coristanco	Culleredo
Curtis	Dodro	Dumbría	Fene	Fisterra	Frades
Irixoa	A Laracha	Lousame	Malpica de B.	Mañón	Mazaricos
Melide	Mesía	Miño	Moeche	Monfero	Muxía
Muros	Narón	Neda	Negreira	Noia	Oleiros
Ordes	Oroso	Ortigueira	Outes	Oza dos Ríos	Paderne
Padrón	O Pino	A Pobra do C.	Ponteceso	Pontedeume	As Pontes G.R
Ribeira	Sada	S. Sadurniño	Sta. Comba	Santiso	Sobrado
As Somozas	Toques	Tordoia	Touro	Trazo	Valdoviño
Val do Dubra	Vedra	Vilasantar	Vilarmaior	Vimianzo	Zas

4.- FINANCIAMENTO

4.1 Achega provincial.

Para o financiamento deste plan a Deputación da Coruña destina no exercicio 2005 a cantidade de 17.500.000 euros que se distribúen entre os 78 concellos que se integran nel conforme ós seguintes criterios:

- 5% cota fixa
- 15% esforzo fiscal
- 10% superficie
- 70% poboación

A cantidade asignada para cada concello é o resultado da aplicación destes criterios obxectivos que se aplican por igual a todos os concellos que integran o plan.

4.2 Achega municipal.

Os concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos.

5.- SOLICITUDES

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o día **31 de outubro do 2005** inclusive, a seguinte documentación:

5.1 Certificación do acordo plenario municipal.

- Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan conforme ó modelo que figura como anexo, no que se acepten expresamente as bases e se preste aprobación ó proxecto técnico da obra, coa indicación da súa denominación e orzamento.

Así mesmo, deberá constar neste acordo o plan de financiamento relativo a cada un dos investimentos solicitados, de xeito que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello), e, no seu caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. No caso de realizárense achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o seu financiamento.

No devandito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución da obra, e que no suposto de que soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións

administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a suma total delas non superen o 100% do seu importe.

No acordo plenario municipal aprobaranse as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír no plan complementario con carácter supletorio, para ser financiados con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nas obras ou equipamentos do respectivo concello, de xeito que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan. Para as obras ou equipamentos cuxa inclusión se solicita dentro do plan complementario aplicaranse os orzamentos mínimos esixidos para estes investimentos no plan base.

5.2 Documentación descritiva das obras e dos equipamentos.

O orzamento mínimo dos investimentos que han solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase para as obras na cantidade de 31.000 euros e para as subministracións na cantidade de 13.000 euros.

Para as obras, o concello deberá achegar os proxectos técnicos en exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e nos artigos 124 e 137 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro.

O orzamento mínimo das obras establécese en 31.000,00 euros

Para os equipamentos achegarase o prego de prescricións técnicas onde se detallan as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario, incrementando o seu importe total co 16% de IVE.

Para as subministracións o orzamento mínimo fíxase na cantidade de 13.000 euros.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Unha vez rematado o prazo antes indicado para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación que se ha achegar. No caso de presentaren algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ó concello o prazo de 10 días para a súa solución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Pleno da deputación aprobará o plan, onde se conterá a relación de obras ou equipamentos que o integran e que se van realizar nos concellos da provincia que nel se

inclúan, unha vez acreditado que entrou en vigor o expediente de modificación de créditos no que se consigna a dotación necesaria para facer fronte á anualidade 2005 e que se dan, no seu caso, as condicións establecidas nos apartados 5 e 6 do artigo 173 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realicen os respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que estimen oportunas, e remitiráselle para o seu coñecemento ó informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do plan adicional financiado con baixas de licitación que se elabore no marco do plan complementario, realizarase posteriormente mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de baixas de licitación, e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o plan adicional no que se incluírán as obras previstas no plan complementario daqueles concellos que tiveran baixas de licitación, podendo o concello correspondente realizar achegas municipais voluntarias coa finalidade de completar o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes ás obras ou pregos de prescricións técnicas dos equipamentos, co acordo expreso de delegación da contratación e execución delas nos respectivos concellos.

Para as obras, a contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e conforme ós pregos - tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado sen publicidade nos supostos dispostos no artigo 141 da citada norma.

Para as subministracións, a contratación realizarase de conformidade cos artigos 180 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, por poxa, concurso ou procedemento negociado sen publicidade nos supostos legalmente dispostos.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega do concello. No caso de que non exista achega municipal ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ó financiamento dos investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra, aprobaraos o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento corresponderalle ó concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo deberá financiar o concello todos os maiores gastos que poidan xurdir durante a execución das obras, como os relativos á dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

O prazo para contrataren as obras ou equipamentos os respectivos concellos, establécese ata o **día 30 de setembro de 2006 inclusive**. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de prórroga motivada do concello, que poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

Os respectivos concellos executarán as obras ou equipamentos de conformidade cos proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas correspondentes presentados coa solicitude e aprobados co plan.

Dende o inicio das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ó modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificadas será ata o día **31 de decembro de 2007 inclusive**. Non obstante este prazo poderá ser obxecto de ampliación por solicitude do concello e por razóns motivadas; o presidente da deputación estará facultado para a concesión da ampliación, mediante resolución.

9.- PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

Os respectivos concellos xustificarán a realización dos investimentos presentando a certificación de execución das obras, ou factura e acta de recepción da subministración, debidamente aprobadas polo concello e en exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente ós plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000 euros, agás a última certificación.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para executar a obra, que a súa suma total non supere o 100% do seu importe.

Unha vez rematadas as obras deberá achegarse a súa acta de recepción xunto coa última certificación de execución.

O concello deberá comunicarlle oportunamente á deputación, cunha antelación mínima de vinte días, a data de recepción da obra ou equipamento para que a deputación poida acudir ó acto cos técnicos designados para o efecto.

A deputación transferiralle ó concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ou facturas ó proxecto das obras ou prescricións das subministracións aprobadas no plan.

Con carácter previo ó pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito público provinciais, autorízase á deputación a que o pagamento da súa achega o realice por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraa o presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención.

11.- DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non disposto nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Concello de Don/Dona secretario/a do

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de investimentos locais 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial
TOTAL			

2º) Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras ou os pregos de prescricións técnicas dos equipamentos previstos no apartado 1º.

3º) Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou equipamentos que a continuación se relacionan, para seren financiados cos remanentes que se puideran xerar polas baixas de licitación producidas nas obras incluídas no apartado 1, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TOTAL	

4º) Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para executar a obra, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese a obtelos con carácter previo á licitación da obra.

5º) Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo ós seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

6º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administración públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.

7º) Facultar ó alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Coruña , de de 2005.

V. e pr.
O alcalde:

11.- VALIDACIÓN DE ACTUACIÓNS E LIQUIDACIÓN DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Para ordenar o debate, Sr. Presidente, nos puntos restantes, dicir que o punto 11 até o 18, ambos os dous inclusive, imos votar a favor, algúns son puntos de trámite, outros corrección de erros, e similares, xa que logo, imos votar a favor todos eses puntos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. - Conceder un prazo máximo ata o 30 de novembro do 2005 aos concellos que a continuación se relacionan para xustificar, completar ou corrixir a documentación achegada en referencia as obras e servizos do Plan 2000 de Recuperación de Arquitectura Popular, delegando nos mesmos a contratación e execución das obras e servizos. No caso de non ter totalmente xustificada a execución das obras e servizos ante a Deputación na data indicada anularáse a consignación orzamentaria habilitada para facer fronte á aportación provincial.

Concello	Código	Denominación	Orzamento	Pres.Adxud	Pendente	OBSERVACIÓNS
Carballo	99.4100.0022.0	Conx. Parr. de Lema	40.843,38	40.843,38	40.843,38	Consta no expediente o proxecto reformado e aprobación do mesmo por órgano competente
Carballo	99.4100.0275.0	Fte. Piñeiro-Goians	9.420,10	9.420,10.-	9.420,10.-	Consta no expediente a aprobación municipal do reformado
Ferrol	99.4100.0378.0	Rest.cap.cement.Canido pl	31.277,45	0	19.325,84	Consta no expediente proxecto reformado, aprobación do mesmo por órgano competente, ficha de adjudicación da obra e certificacións adaptadas ás dúas anualidades.
Ferrol	00.4100.0378.0	Rest.cap.cemen.Canido 2A	19.325,84	0	19.325,84	Consta no expediente o proxecto reformado, aprobación do mesmo por órgano competente, ficha de adjudicación e certificacións adaptadas a las dos anualidades.
Porto do Son	01.4100.0514.0	Rehab. Muiños e entorno	54.999,22.-	53.920,81.-	53.920,81.-	Consta no expediente aprobación municipal do reformado
TOTALES					142.835,97.-	

2º.- Conceder, asimesmo, un prazo aos concellos a que van referidos os seguintes expedientes para xustificar, completar ou correxir a documentación achegada en referencia ás obras e servizos do Plan 2000 de Recuperación de Arquitectura Popular, delegando nos mesmos a contratación e execución das obras e servizos. No caso de non ter totalmente xustificada a execución das obras e servizos ante a Deputación na data indicada anularáse a consignación orzamentaria habilitada para facer fronte á aportación provincial.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	P.ADXUD. E PENDENTE	OBSERVACIÓNS
CURTIS	99.4100.0284.0	Igrexa parr. Sta. Mª Fisteus	19.833,40	19.833,40	OBRA EXECUTADA. Certífics. Devoltas por non axustarse ao proxecto. Non presentou alegacións á circular 13/04/04.
"	99.4100.0286.0	Praza e entorno igrexa de Santaia	24.464,03	24.464,03	Idem. Mandan certif. única conforme a Memoria en marzo 2004..
NEGREIRA	99.4100.0387.0	Ponte da Pedra	2.074,09	2.074,09	OBRA EXECUTADA. Adxudicada a Agro Castro, S.L. en 11/07/01. Manda certificacións en 21/02/02 conforme a Memoria.
"	99.4100.0421.0	Restauración de lavadoiros	16.465,87	16.465,87	Idem
"	99.4100.0422.0	Hórreo finca cura de Portor	1.340,70	1.340,70	Idem
OROSO	99.4100.0160.0	Acond. Igrexa S.Román de Pasarelos 2ª fase	29.950,39	29.950,39	OBRA EXECUTADA. Certificacións según proxecto modificado, non tramitado por detectarse erros aritméticos no presuposto.
RIVEIRA	99.4100.0429.0	Recup. adro igrexa S. Pedro 1A	20.250,64	20.250,64	OBRA EXECUTADA . Remitidas certificacións 1 e 2, por anualidades conforme proxecto reformado de dic. 2000.
"	00.4100.0429.0	Recup. adro igrexa S. Pedro 2A	20.250,64	20.017,17	Idem
TOTAL 1ª				134.396,29	

A contratación e execución das obras e servizos delegados incorporados, delégase nos concellos respectivos con arreglo aos seguintes criterios:

1.1.- As obras contrataranse polos respectivos concellos utilizando os Pliegos Tipo das Cláusulas Administrativas Particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cumprimentar en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

1.2.- As obras adxudicaránse mediante subasta, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de Contratos das Administracións Públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No caso do concurso, o Pliego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntando ao Pliego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da Deputación.

1.3.- A dirección e execución das obras realizaranse polo concello correspondente sin perxuício da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convintes.

1.4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello de acordo co establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas. En todo caso, requerirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola Deputación.

No caso de modificacións que no varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no orzamento, poderán ser aprobados pola Presidencia da Deputación. .

1.5.- Calquer incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquer outro, deberá ser financiado íntegramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán achegar á Deputación:

a).- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cumprimentados no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de Obras e Servizos.
- Se a adxudicación se realiza mediante o Sistema de Subasta deberase achegar a "Acta de Apertura de Plicas".
- No caso de Concurso ademais do "Acta Apertura de Plicas", deberá achegarse a xustificación da elección de esta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos Pliegos.
- No caso de Procedimento Negociado, deberá achegarse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a inserción do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

b).- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministros e servizos acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou suministros.

Comunicación Recepcións:

Os concellos deberán comunicar á Deputación con unha antelación de polo menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega aos efectos de asistencia dun técnico da Deputación á mesma, se así se considera oportuno

As baixas rexiránse polo criterio de aplicación proporcional.

Resolución de contratos:

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato o na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable

Estabéllese o 30 de novembro do 2005 como última data para remitir á Deputación a documentación xustificativa da contratación das obras e servizos incorporados no Plan.

A delegación da contratación da execución das obras e servizos realizada no presente acordo implicará a confección polos concellos, cando proceda, das oportunas memorias ou proxectos técnicos presupostados en euros, mediante a translación dos confeccionados en pesetas e que foron aprobados no seu día polo Pleno da Deputación.

3º.- Convalidar as obras que se nomean (apartado 9), xa executadas pola Deputación.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
MALPICA	99.4100.0381.0	Rest. hórreos Aviño-Cerqueda	15.490,00	15.490,00	Servicio EXECUTADO pola Deputación. Factura informada polos técnicos, pendente de pago.
ROIS	99.4100.0362.0	Restaur. Hórreo Herbogo	8.113,66	8.113,66	Servicio EXECUTADO pola Deputación. Factura informada polos técnicos, pendente de pago.
TOTAL 9				23.603,66	

4º.- Anular definitivamente a aportación provincial asignada ás obras e servizos dos concellos incorporados por non ter achegado documentación e alegación que xustifique de forma suficiente a súa eventual convalidación, e polos motivos que indícanse no apartado de observacións.

1.-

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
ORDES	99.4100.0090.0	Acond. Reparación igrexa Sta. María	51.122,94	5.344,19	Proxecto modificado (abril 2000). Pagadas certifs. 1 a 3. Posible economía.
TEO	01.4100.0526.0	Acond. Fonte lavadoiro Noceda	12.148,38	12.133,60	Certificación única de 20/12/2004, remitida en 19/01/2005.
"	99.4100.0364.0	Acond. Igrexa Oza	6.762,67	6.762,67	Presentaron factura. Fora de prazo.
"	01.4100.0517.0	Acond. Igrexa Vilaríño	6.769,51	6.766,72	Presentaron factura. Fora de prazo.
TOQUES	99.4100.0209.0	Rehab. Igrexa rectoral Sta. Mª de Ordes	12.374,66	12.374,66	Certif. nº 1 de 2.967,86 euros (economía de 9.406,80), non axustada a Memoria. Cambio de obra.
TOTAL 1B				43.381,84	

2.- Obras adxudicadas e non certificadas:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
MAÑÓN	01.4100.0507.0	Rehab. Muiño nº 2 Bares	10.328,90	10.328,90	Adxudicado a San Martín, S.A., xustifica retraso e compromete a súa finalización en 31/08/2004. Non mandou certificacións.
"	01.4100.0508.0	Rehab. Muiño nº 3 Bares	11.554,31	11.554,31	Idem.
"	01.4100.0509.0	Rehab. Muiño nº 4 Bares	12.823,11	12.823,11	Idem.
"	01.4100.0510.0	Rehab. Muiño nº 5 Bares	10.449,83	10.449,83	Idem.
"	01.4100.0511.0	Rehab. Muiño das	9.106,42	9.106,42	Idem.

		Revoltas			
MOECHE	00.4100.0479.0	Rehab. Fonte de Abade	3.850,89	3.850,89	Adxudicada a Const. CA.B.S.L. en 3/07/01. Non mandou certificacións. Non resposta á circular do 13/04/04.
"	00.4100.0480.0	Arranxo execución Fonte Sabanda	1.541,79	1.541,79	Idem
NOIA	01.4100.0538.0	Restauración lavadoiro público As Redondas	6.127,01	6.004,47	Adxudicada a Servinoia, S.L. en 20/03/02. SIN EXECUTAR. Non manda certificacións nin presentou alegacións á circular do 13/04/04.
TORDOIA	99.4100.0259.0	Rehab. Rectoral Vilabade	11.483,10	11.483,10	Adxudicada. Retraso da obra por problemas técnicos do constrataista, comprométese a rematala no prazo dun mes (Abril 2004), xa rebasado.
VAL DO DUBRA	99.4100.0391.0	Rehab. Muiño da fariña Devesa Abaixo	6.266,15	6.266,15	Adxudicada en 29/06/00. Alegan problemas de acceso para xustifica-lo retraso; non enviou certificación.
"	99.4100.0392.0	Rehab. Muiño da fariña Devesa Arriba	6.266,15	6.266,15	Idem
TOTAL 2				89.675,12	

3.- Obras con trámites pendentes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
ROIS	99.4100.0388.0	Acond. Hórreo Samil	3.851,29	3.851,29	Non ten autorización da Dir. Xeral de Patrimonio Cultural.
"	99.4100.0430.0	Rehab. Hórreo Pedrouzos-Augasantas	2.455,13	2.455,13	Idem
"	99.4100.0431.0	Restaur. Hórreo Calle Urdilde	17.113,28	17.113,28	Idem
"	99.4100.0432.0	Restaur. Hórreo Beade Augasantas	4.005,51	4.005,51	Idem
"	99.4100.0433.0	Restaur. Hórreo Samil Oín	3.851,29	3.851,29	Idem
STA. COMBA	00.4100.0453.0	Adecantamento praza Xallas-Castriz	14.129,20	14.129,20	Proxecto modificado, con aprobación municipal, posteriormente en euros sin modificación presupuestaria. SIN EXECUTAR, e non se presentan alegacións.
TEO	99.4100.0439.0	Acond. Capela Sta. Marta 1A.	15.024,92	15.024,92	Autorización de Patrimonio condicionada a novo proxecto e Control Arqueolóxico
"	00.4100.0439.0	Acond. Capela Sta. Marta 2ª	15.024,92	15.024,92	Idem
"	01.4100.0515.0	Acond. Fonte Pontevea	6.759,47	6.759,47	Adxudicada a Vázquez Paramá S.C.. e resolto por falecemento. O concello solicitou prórroga de 6 meses para nova contratación en Abril 2004. Non mandou certifs. nin factura
"	01.4100.0516.0	Acond. Igrexa Teo	9.378,35	9.375,00	Idem
"	01.4100.0523.0	Acond. Fonte Florida	4.473,41	4.473,33	Solicita prórroga de 6 meses para nova contratación.
"	01.4100.0524.0	Acond. Fonte lavadoiro de Pedra	5.923,61	5.920,00	Idem.
"	01.4100.0525.0	Acond. Fonte lavadoiro Seoane	11.570,33	11.565,00	Idem.
TOQUES	99.4100.0115.0	Rehab. Igrexa parr. De Vilamor	15.287,04	15.287,04	Proxecto Reformado de marzo 2003 (de Arquitectura) e certif. aprobación municipal. Non enviou certificacións . Falta aprob. Deputación.
VAL DO DUBRA	01.4100.0539.0	Rehab. Muiño da fariña	5.798,56	5.978,56	Non consta adxudicación nin certificación. (fase 11).
TOTAL 3				130.962,65	

4.- Obras executadas e xa pagadas, con economías:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
SADA	99.4100.166.0	Restaur. Capela S. Roque, 1ª fase	29,617,71	2.845,65	Pagada certif. nº 1. Resta pagar certif. nº 2 non conforme ao proxecto.
STA. COMBA	00.4100.0454.0	Acond. Praza pública en Alón	15.025,30	829,64	Pagada certif. nº 1 (27/12/2000). Resta una parte menor de 2ª certif.
TEO	01.4100.0521.0	Acond. Fonte lavadoiro Mouromorto	12.826,19	45,00	Certificación PAGADA. Restan 45 euros Economía
VAL DO DUBRA	00.4100.0489.0	Cons. Muiño Fariña Conducto	4.439,68	846,23	Certoif. Nº 1 PAGADA. Economía.
"	00.4100.0490.0	Rehab. Hórreo lugar Erviñou	3.751,52	124,44	Certif. nº 1 PAGADA. Idem
"	00.4100.0491.0	Rehab. Hórreo lugar Outeiro	3.806,81	224,00	Certif. nº 1 PAGADA.. Idem
"	00.4100.0493.0	Rehab. Hórreo lugar Quintans nº 6	3.806,81	33,18	Certif. nº 1 PAGADA.. Idem.
"	00.4100.0494.0	Rehab. Hórreo lugar Quintans nº 3	3.806,81	33,18	Certif. nº 1 PAGADA.. Idem
<i>TOTAL 4</i>				4.981,32	

5.- Obras incluídas no Plan Adicional:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
FRADES	99.4100.0196.0	Mellora igrexa parr. S. Juan de Vitre	4.246,75	4.246,75	<i>PLAN ADICIONAL</i>
OZA DOS RIOS	99.4100.0248.0	Recup. Adro igrexa S. Juan de Cines	14.760,62	14.760,62	<i>PLAN ADICIONAL</i>
PONTECESO	99.4100.0348.0	Excav. e recup. ruínas Illa da Estrela 1A	15.021,65	15.021,65	Obra cambiada no PLAN ADICIONAL
"	99.4100.0426.0	Recup. cruceiro Pedra da Serpe 1A	29.739,10	29.739,10	Idem
"	00.4100.0348.0	Excav. e recup. ruínas Illa da Estrela 2A	15.021,65	15.021,65	Idem
"	00.4100.0426.0	Recup. cruceiro Pedra da Serpe 2A	29.739,10	29.739,10	Idem
<i>TOTAL 5</i>				108.528,87	

6.- Obras excluídas por renuncia, imposibilidade material de realizalas, cambio de obra, segregación do expediente, etc...:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
ARTEIXO	02.4100.0541.0	Rehab.muiños auga Rañal	16.894,40	16.894,40	Titularidade provincial. Non se axusta ás bases do Plan.
ARZÚA	99.4100.0008.0	Rest. Hórreo de A Peroxa	2.984	2.984	Imposibilidade material por derrumbe.
"	00.4100.0443.0	Rehab. Pazo Brandeso	53.352,87	53.352,87	O propietario D. Juan Varela Durán renunciou á subvención.
"	00.4100.0444.0	Rehab. Capela Brandeso	59.418,15	59.418,15	Idem.
"	00.4100.0445.0	Rehab. Hórreo Brandeso	30.032,86	30.032,86	Idem.
BOIRO	99-4100.0010.0	Pav. Adro igrexa Lampón	30.032,86	30.032,86	Exp. Sancionador da Dir. Xeral de Patrimonio Cultural, vixente ata dec. 2004.
CERCEDA	00.4100.0467.0	Hórreo Picota-	3.125,26	3.125,26	O propietario, D. Daniel Raña González, renuncia á

		Xesteda			subvención.
COIRÓS	99.4100.0048.0	Recup. conxunto hórreo, alpendre...en Loureiro	4.925,17	4.925,17	Cambio denominación "Rehab. Hórreo en Sta. Mª de Ois". Non consta adxudicación nin certificación.
CORCUBIÓN	99.4100.0141.0	Restauración e limpeza cruceiro Valdomar	2.681,39	2.681,39	O traslado non se pode realizar por oposición dos veciños. Solicitan a obra sen traslado. CAMBIO OBRA
OLEIROS	99.4100.0087.0	Reparación muelle acceso posterior illa Cast. Sta. Cruz	30.050,61	30.050,61	Solicitan CAMBIO DE OBRA por "Vivendas Garda Castelo, 2ª fase", en 30/03/00.
OZA DOS RIOS	99.4100.0100.0	Recup. igrexa Carmen e Sta Mª Cuiña	24.040,48	24.040,48	<i>EXPED. SEGREGADO</i>
PADRÓN	99.4100.0346.0	Acond. Adro igrexa Herbón	8.711,19	8.711,19	Problemas autorización D.X.Patrimonio Cultural
PONTEDEUME	00.4100.0485.0	Limpeza...paseo Castelo de Andrade	28.240,85	28.240,85	Adxudicada e certificada conforme CAMBIO de PROXECTO (financiado con PRODER e Deputación).
TEO	99.4100.0114.0	Acond. Hórreo Elena Framil	3.940,78	3.940,78	O concello desenténdese: "deberá ser executada pola propiedade".
TOTAL 6				298.430,87	

7.- Obras Deputación desertas no concurso de licitación ou non contratadas:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
BOIMORTO	00.4100.0457.0	Rest. Muiño, hórreos y fte.	9.656,28	9.656,28	Non aceptou delegación
"	00.4100.0458.0	Recons. De hórreo	5.958,35	5.958,35	"
"	00.4100.0459.0	Recons. De hórreo	4.188,43	4.188,43	"
"	00.4100.0460.0	Restaur. De hórreo	4.481,13	4.481,13	"
"	00.4100.0461.0	Rest. Muiño e hórreo	5.780,59	5.780,59	"
"	00.4100.0462.0	Restaur. De muiño	5.329,84	5.329,84	"
"	00.4100.0463.0	Restaur. De hórreo	2.369,74	2.369,74	"
CORISTANCO	99.4100.0280.0	Acond. Retablos igrexa S. Tomé Xaviña	28.207,66	28.207,66	Obra da Deputación. O concello solicita se lle aclare o órgano contratante. Proxecto modificado.
"	99.4100.0281.0	Restaur. Retablos igrexa Sta. Baia de Castro	30.032,86	30.032,86	Idem.
DODRO	99.4100.0052.0	Restaur. Hórreo Muronovo	1.604,34	1.604,34	Obra Deputación. Retirada cautelarmente a súa contratación en 9/07/1999.
"	99.4100.0191.0	Adro, cementerio parr. Sta. Mª de Dodro	24.391,33	24.391,33	Obra Deputación. Non chegou a contratarse.
"	99.4100.0241.0	Restaur. Hórreo Lestrove. Eira dos Hórreos	1.991,13	1.991,13	Idem.
MUXÍA	99.4100.0385.0	Rehab 3 hórreos A.Castiñeira	12.940,17	12.940,17	Obra da Deputación. O concello resalta o seu interese e solicita a execución. Proxecto desfasado.
PADRÓN	99.4100.0336.0	Repar. Hórreo eira nº 9 Raposo	1.442,43	1.442,43	Obras desertas. Inviabiles.
"	99.4100.0337.0	Repar. Hórreo eira nº 8 Peisana	1.442,43	1.442,43	Idem
"	99.4100.0338.0	Repar. Hórreo eira nº 6 Ateira	1.622,73	1.622,73	Idem
"	99.4100.0339.0	Repar. Hórreo eira nº 5	1.682,83	1.682,83	Idem
"	99.4100.0340.0	Repar. Hórreo eira nº 4	2.884,86	2.884,86	Idem
"	99.4100.0341.0	Repar. Hórreo eira nº 3	3.065,16	3.065,16	Idem

"	99.4100.0342.0	Repar. Hórreo eira nº 2	1.622,73	1.622,73	Idem
"	99.4100.0343.0	Repar. Hórreo eira nº 1	1.803,04	1.803,04	Idem
"	99.4100.0344.0	Repar. Hórreo Tucho Cruces	2.043,44	2.043,44	Idem
"	99.4100.0345.0	Repar. Hórreo Rosa Cruces	1.322,23	1.322,23	Idem
ROIS	99.4100.0360.0	Rehab. Hórreo Calle Urdilde	3.518,93	3.518,93	Obras Deputación. Sen licitar.
"	99.4100.0363.0	Restaur. Hórreo Martelo-Hermedelo	2.272,79	2.272,79	Idem
VILARMAIOR	99.4100.0171.0	Repar. Fontes término municipal	23.171,76	23.171,76	Obra Deputación. Concurso adjudicación de 8/11/01: Deserta.
TOTAL 7				188.678,50	

8.- Sen alegacións:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
ARZÚA	99.4100.0006.0	Restauración muiño	18.628,21	18.628,21	Proxecto modif. de marzo-99. Non existe adjudicación nin certificacións. Non presenta alegacións á circular de 13/04/04.
CAMARIÑAS	99.4100.0012.0	Recup. Ponte Vella de Ponte do Porto	16.594,40	16.594,40	Non consta adjudicación nin certificacións. Tampouco fai alegacións á circular 13/04/04.
CARBALLO	99.4100.0040.0	Lavadoiro As Canelas, Freixal, Calvelo	934,83	934,83	No consta adjudicación nin certifs.
"	99.4100.0273.0	Peto de ánimas A Brea	3.075,29	3.075,29	Memoria modificada por restauradora habilitada. Non consta adjudicación nin certifs.
CERCEDA	99.4100.0278.0	Igexa Capela Rodís	9.709,89	9.709,89	Mem. modificada suprimindo partida restaurao. Non consta adjudicación nin certifs.
FERROL	02.4100.0545.0	Fonte Virxen Chamorro	2.321,16	2.321,16	Novo proxecto asinado por restaurador, non tramitado como modificado. Non consta adjudicación nin certificacións.
MELIDE	00.4100.0477.0	Recup. muiño Río Catasol	7.813,16	7.813,16	Non consta adjudicación nin certificacións. Non presenta alegacións á circular 13/04/04.
TOTAL 8				59.076,94	

5º.- O presente acordo queda condicionado a definitiva vixencia do expediente de modificación de crédito 2/2005, no que habilitarase crédito suficiente para facer fronte a aportación provincial as obras e servizos que son convalidados nos apartados 1º y 2º.”

12.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DA EP 3802 ORDES Á PONTE CARREIRA, P.K. 17 A P.K. 17,16 (PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 1ª FASE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto EP 3802

ORDES Á PONTE CARREIRA, P.K. 17 a P.K. 17,16 (0511300005.0) (Plan de travesías 2005, 1ª fase)

2. Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

13.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO MODIFICADO DA TRAVESÍA DE ARNADOS A RAZO 2ª FASE. (PLAN DE TRAVESÍAS 2004, 1ª FASE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no Proxecto modificado da travesía de Arnados a Razo 2ª fase (Plan de travesías 2004, 1ª fase) (0411300002.0)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que se é o caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación (valoracións de danos pola execución do proxecto, cualificación do solo e polo que respecta á modificación de trazado desestímase por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do trazado que figura no proxecto aprobado por esta Deputación provincial .

3 . Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

14.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 1ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 (2ª RELACIÓN), E SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DA EP 0810 GUILIADE A GUÍSAMO, PK 0,97 AO PK 1,67 BETANZOS. (PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 1ª FASE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 1ª fase do Plan de travesías 2005 (2ª relación) integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas Bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0003.0	EP 0810 GUILIADE A GUÍSAMO, P.K. 0,97 AO P.K. 1,67 (BETANZOS)	293.159,54

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o Plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A relación de proxectos para solicitarlle á Xunta de Galicia é:

CÓDIGO	DENOMINACION	VALORACIÓN ESTIMADA DE EXPROPIACIÓN	OBSERVACIÓNS
05.1130.0003.0	EP 0810 GUILIADE A GUÍSAMO, P.K. 0,97 AO P.K. 1,67 (BETANZOS)	29.110,38	

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de

quinze días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

15.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 4ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, E SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO, PK 0,000 AO 3,120 (PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 4ª FASE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 4ª fase do Plan de travesías 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0016.0	TRAVESÍA NA EP 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS PK 0,00 A 0,45 (RIANXO)	487.559,11
05.1130.0017.0	TRAVESÍA NA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRIO PK 0,000 AO 3,120 (1ª FASE) (CULLEREDO)	819.863,29
TOTAL.....		1.307.422,40

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A relación de proxectos para solicitarlle á Xunta de Galicia é:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIONES	OBSERVACIONES
05.1130.0017.0	TRAVESÍA NA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AO 3,120 (1ª FASE). (CULLEREDO)	267.105,42	
TOTAL.....		267.105,42	

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

5.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Cambre remita a documentación das bases 3.2.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dous terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados desde o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais dá Orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola Deputación por delegación do concello.

Para estes efectos ou proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto ou compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar u correspondente convenio.

Todo iso para os efectos de o someter, unha vez cumprimentado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

16.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 2ª RELACIÓN DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a segunda relación da 3ª fase do Plan de travesías 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto nas Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0010.0	BEIRARRÚA M.I. E.P, 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA PK 2,710 A 2,850 (CULLEREDO)	46.161,12

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, enténdéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense as reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.”

17.- RECTIFICACIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO IMPORTE DO ORZAMENTO DE CONTRATA DA OBRA “PROXECTO DE SEGURIDADE VIARIA NA EP 1706 O TEMPLE A CAMBRE” (PLENO 26-5-05).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de maio de 2005 aprobou o Plan de vías provinciais 2005 3ª fase e tomou en consideración os proxectos incluídos dentro del. No citado acordo figurou por erro o proxecto de seguridade viaria na EP 1706 O Temple a Cambre, (Concello de Cambre) por un importe de 39.937,58 euros cando debía figurar a cantidade de 36.937,58 euros.

2.- En consecuencia procede rectificar o erro material no senso de onde di Proxecto de seguridade viaria na EP 1706 O Temple a Cambre. Concello de Cambre (código 0511100014.0) por importe de 39.937,58 euros debe dicir Proxecto de seguridade viaria na EP 1706 O Temple a Cambre. Concello de Cambre (Código 0511100014.0) por importe de 36.937,58 euros .”

18.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2005 4ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar o Plan de vías provinciais 2005 4ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neste, cun orzamento total de 144.090,05.- euros, con cargo á partida 0401/511b/60103

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0511100016.0	CAMBRE	SUBSTITUCIÓN DO CANO DE ABASTECIMENTO DA EP 0102 DE LEMA A ORTO	62.642,00
0511100017.0	AMES	MURO DE CONTENCIÓN ENTRE O P.K. 0,640 EP K: 0,740 M.I. EP 0203 BERTAMIRÁNS A AUGAPESADA	30.366,84
0511100018.0	VAL DO DUBRA	MURO DE CONTENCIÓN NA EP 5903 ORDES A PORTOMOURO P.K. 27,890 A 27,930 M.I.	51.081,21
		TOTAL	144.090,05

2. Expor ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produciren, consideraranse definitivamente aprobados.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción da Presidencia, que non sei se se lles explicou, que afecta ao Plan de dinamización turística, que temos que aprobala agora, senón teríamos que convocar un Pleno extraordinario dentro duns días.

Sr. Villamar Díaz

A explicación desta moción, a súa urxencia, é porque o próximo día 8 de setembro de 2005 finaliza o prazo de xustificación da primeira anualidade e por diferentes motivos hai dúas actuacións que teñen que ser, como se enumera na moción, teñen que sufrir unhas variacións.

(Abandona o salón o Sr. Nogueira Fernández).

Unha é o Centro Interpretativo do Monte Pindo, que hai unha variación entre a execución e o proxecto, que non varía, porén, a actuación total, e outro é unha actuación en diferentes muíños, no que se denomina Ruta dos Muíños na Costa da Morte, que é unha obra que, por diferentes motivos, non vai poder estar finalizada antes desa data, e entón o que se fai simplemente é trasladar unha da segunda anualidade á primeira, para poder xustificar debidamente estas subvencións que recibimos das outras administracións. Entón é unha cuestión de tempo nada máis.

Por unanimidade, apróbase a urxencia e, tamén por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN

1º.- Con data do 08/09/2005 remata o prazo de xustificación da execución dos expedientes do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, perante as administracións cofinanciadoras do plan.

2º.- Mediante acordo plenario da Excma. Deputación, adoptado o 8 de maio de 2003, aprobase o texto do convenio administrativo relativo ó Plan de dinamización turística da Costa da Morte. O convenio foi asinado o 9 de xuño.

3º.- Mediante acordos plenarios da Deputación quedaron aprobadas a primeira e segunda anualidades do plan.

4º.- Na sesión da Comisión de Seguimento do PDT Costa da Morte, con data do 14 de xullo de 2005, acordouse por unanimidade a modificación dos importes dos proxectos relativos ás actuacións da segunda anualidade denominada “ Rutas xeolóxicas e botánicas no monte Pindo e fervenza do Xallas” sen que a modificación implique modificación ningunha do presuposto total da actuación (144.000 €).

As cantidades estimadas no presuposto inicial quedaron descompensadas polo que se aprobou que os presupostos dos proxectos da actuación queden como segue:

APROBACIÓN INICIAL

- Estudo e proxecto expositivo Centro Interpret. Monte Pindo..... 27.000 €
- Execución..... 45.000 €
- Execución de contidos no Centro de Interpretación..... 72.000 €

TOTAL DE ACTUACIÓN 144.000,- €

APROBACIÓN MODIFICADA

- Estudo e Proxecto expositivo Centro Interpret. Monte Pindo..... 27.000 €
- Execución..... 64.033,10 €
- Execución de contidos no Centro de Interpretación..... 52.966,90 €

TOTAL DE ACTUACIÓN 144.000,- €

5º.- Na Comisión de Seguimento do Plan de dinamización turística de Costa da Morte con data do 14 de xullo de 2005, aprobouse por unanimidade o cambio do proxecto “*outras obras*” por importe de 104.625 € e da súa dirección de obra, cun importe de 5.625 €, que supoñen un total de 110.250 €, correspondente á actuación da primeira anualidade denominada “Rutas dos Muíños” para a segunda anualidade. Así mesmo, trasladaríase á primeira anualidade o 78,86% dos 139.787,96 € (110.250 €) do proxecto “compra de casetas e amaños” correspondente á actuación da segunda anualidade denominada “Oficinas de turismo”, sen que implique o cambio modificación das cantidades totais por anualidade, nin da partida. O traslado é exclusivamente por razóns do atraso na finalización das actuacións da primeira anualidade, e pola necesidade de xustificar a totalidade da primeira anualidade na primeira semana do mes de setembro.

Analizados os antecedentes expostos, e considerando a necesidade de xustificar a contratación das actuacións perante as administracións cofinanciadoras do plan, estímase procedente ratificar as modificacións mencionadas mediante o seguinte acordo plenario da Deputación :

“Aprobar a modificación das actuacións da primeira e segunda anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, aprobadas polo Pleno da Deputación, para adecualas ás modificadas pola Comisión de Seguimento do convenio do seguinte modo:

1.- Substituíndo os importes dos proxectos relativos á actuación da segunda anualidade denominada “ Rutas xeolóxicas e botánicas no monte Pindo e fervenza do Xallas” sen que a modificación implique variación ningunha do presuposto total da actuación (144.000 €).

As cantidades estimadas quedaron descompensadas polo que se aprobou que os presupostos dos proxectos da actuación queden como segue:

APROBACIÓN INICIAL

- Estudio e Proxecto expositivo Centro Interpret.Monte Pindo.....	27.000 €
- Execución.....	45.000 €
- Execución de contidos no Centro de Interpretación.....	<u>72.000 €</u>
- TOTAL DE ACTUACIÓN	144.000 €

APROBACIÓN MODIFICADA

- Estudio e Proxecto expositivo Centro Interpret.Monte Pindo.....	27.000 €
- Execución.....	64.033,10 €
- Execución de contidos no Centro de Interpretación.....	<u>52.966,90 €</u>
- TOTAL DE ACTUACIÓN	144.000,- €

2.- Asignando á segunda anualidade o proxecto “*Outras obras*” por importe de 104.625 € e da súa dirección de obra, cun importe de 5.625 €, que supoñen un total de 110.250 €, correspondente á actuación de primeira anualidade denominada “Rutas dos Muíños”. Asignarlle así mesmo á primeira anualidade o 78,86% dos 139.787,96 € (110.250 €) do proxecto “compra de casetas e amaños” correspondente á actuación da segunda anualidade denominada “Oficinas de turismo”, sen que implique o cambio modificación das cantidades totais por anualidade. O traslado é exclusivamente por razóns do atraso na finalización das actuacións da primeira anualidade, e pola necesidade de xustificar a totalidade da primeira anualidade na primeira semana do mes de setembro

3. As cantidades imputadas ó plan unha vez sexa aprobada a presente modificación mantense nos importes totais aprobados polo Pleno nas sesións nas que quedaron aprobadas a primeira e segunda anualidade e que son financiados con cargo á partida 0305/751A/629.99 cód. 2003P0008.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.